

Albela

Revista cultural de Apelón Educación - Ano 2 - N° 1 - 2019



**Carmen
Filgueiras, na
cova das ideas**

Xurxo Fernández (páx.10)

**As vicisitudes
dun mugardés
no maio do 68
en Santiago**

Xoán Rubia (páx. 16)

**As lanchas
de pasaxe**

Miguel Rodríguez (Páx. 20)

**A "lancha obrera"
de Mugardos
(1931-1936)**

Bernardo Máiz (páx. 26)

**Incendios
forestais en
Galicia
Causas e
consecuencias**

Manuel Allegue (páx. 30)

**O Seixo na
Música e a
Música no Seixo**

Jorge Gómez (Páx 38)

**O desafogo
dunha militante
feminista do cotiá**

Margarida Corral (páx. 42)

**Casino Progreso
de Franza**

Lois Rico (páx. 46)



Índice de contidos

4 Editorial

5 Actividades anuais

10



Carmen Filgueiras, na cova das ideas

Xurxo Fernández

16



As vicisitudes dun mugardés no maio do 68 en Santiago

Xoán Rubia

20



As lanchas de pasaxe

Miguel Rodríguez

Albela

Directiva da Asociación Cultural Apelón Educación

Dirección

Gabriela Sánchez Cortizas

Coordinación

Javier García Dieste

Comité de redacción

Gabriela Sánchez Cortizas

Javier García Dieste

Juan Fernández Ameneiro

Maquetación e deseño

César Pena

Ilustración de portada

César Pena

Presidenta

Gabriela Sánchez Cortizas

Vicepresidenta

Francisca Pérez Bouza

Secretario

Javier García Dieste

Tesoureiro

Juan Fernández Ameneiro

Vogais

Jacinto Núñez Martínez

Aída Cortizas Rodríguez

Paola Alonso Rivera

Patricia Rivera Romero

Ramón Bello Blanco

Ana Sánchez Cortizas

A "lancha obrera" de Mugardos (1931-1936)

Bernardo Máiz



26

Incendios forestais en Galicia Causas e consecuencias

Manuel Allegue



30

O Seixo na Música e a Música no Seixo

Jorge Gómez



38

O desafogo dunha militante feminista do cotiá

Margarida Corral



42

Casino Progreso de Franza

Lois Rico



46

Editorial

Hai xa dous anos que un grupo de integrantes da Plataforma de Apelón para a Educación decidimos formar unha sociedade cultural no momento no que plataforma deixou de ter sentido por terse asinado o acordo que cedía o local da escola para instalar unha oficina da garda civil. Este feito, que marca o noso nacemento, fai que digamos que somos fillos dun fracaso. Con todo, sabemos que só o tempo determinará até que punto a idea que animaba as nosas reivindicacións terminará por ser a maioritaria na sociedade mugardesa, tornando así o fracaso inicial nun éxito no longo prazo.

Nestes momentos sentimos que o espírito que animou a protesta da que xorde Apelón Educación está máis vivo que nunca. Hoxe existen motivos suficientes para estar satisfeitos da nosa traxectoria. A nosa satisfacción deriva non só do número e a calidade das actividades desenvolvidas senón tamén do cambio que percibimos na sociedade mugardesa, que parece ter espertado do soño da desidia e a indiferenza, e que cada vez con máis forza demanda actividades e espazos dedicados á cultura e á educación. E cremos que neste esperar temos algo que ver.

Somos conscientes de que herdamos unha rica tradición de sociedades vinculadas a cuestións intelectuais e culturais. Mesmo nos tempos máis difíciles da súa historia, cando as condicións económicas e políticas eran pouco propicias, os mugardeses apostaban pola educación e a lectura, polo debate e a difusión de ideas e pensamentos. Apelón Educación non fai outra cousa que recoller ese sentimento, difuso e impreciso nalgúns momentos, e materializalo en charlas, conferencias,

obradoiros, clubs de lectura, contacontos ou concertos.

Na curta andaina da nosa sociedade acadamos algúns dos obxectivos que nos marcamos inicialmente e estamos xa no camiño de acadar os outros. Cremos ter sido capaces de constituírnos en interlocutores válidos en cuestións relativas a temas culturais e sociais, xa que fomos quen de canalizar esa corrente de opinión maioritaria que sentía que eran precisos maiores investimentos en cultura e educación. Un dos nosos maiores logros é o feito de que a día de hoxe xa ninguén cuestiona a necesidade de instalacións adecuadas para a nosa biblioteca.

Sabemos que os nosos logros son compartidos e queremos dar as grazas. Grazas en primeiro lugar á xente que assististes ás nosas actividades, que desde o primeiro momento nos arroupastes impedindo que sentiramos o frío do rexeitamento ou da indiferenza.

Grazas en segundo lugar a socias e socios, que non só contribúen economicamente ao sustento da sociedade, senón que deixaron claro dende o primeiro momento que non habería travesía no deserto, que poderíamos contar sempre co seu apoio e colaboración.

E grazas por último aos imprescindibles. Grazas aos que sempre din que si cando pedimos colaboración para a revista. Grazas aos que en todo momento están dispostos a organizar unha visita ou unha excursión. Grazas as que contan os contos e aos que preparan obradoiros. Grazas a quen vence a súa timidez para presentar un acto. Grazas a quen sacrifica o seu tempo libre para colaborar con nós. Grazas de todo corazón.



CLUB DE LECTURA

Actividade de carácter periódico.
Segundo mércores de mes.



CONTA CON NOS, CONTAMOS CONTIGO. OBRADOIRO DE NARRACIÓN ORAL

Obradoiro para a formación de contacontos, impartido por Vero Rilo.
Celebrado o 16 de febreiro no Centro Cívico



DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Xeografía poética de Mugardos nos colexios Unión Mugardesa, Santiago Apóstolo de Franza e Loyola. Conferencia no Centro Social de Maiores de Francisco Rodríguez "O mundo de Rosalía, o noso mundo", con música de Manuel Doval. Actuación das Cantadeiras Xerfa (Airiños de Fene). Espectáculo pola rúa "Vero Rilo e Rosalía de Castro: Xeografía poética de Mugardos", vaseada nos versos de Rosalía.



Celebrado os días 22, 23 e 24 no Centro Social de Maiores, na Praza do Concello, rúas e Peirao.



10 DE MARZO DO 72. OS BOS E XENEROSOS: PACO FILGUEIRAS

Charla-coloquio sobre a figura de Paco Filgueiras, para a celebración do 10 de marzo Día da clase obreira galega. A charla tivo lugar no Salón de Plenos do Concello, presentada por Gabriela Sánchez contou coa participación do presidente da Fundación 10 de Marzo. Celebrada o 9 de marzo no Salón de Plenos do Concello de Mugardos.



GALEGOS EN MAUTHAUSEN

Exposición fotográfica de Galegos en Mauthausen da Asociación Memoria Histórica Democrática con visita guiada o 22 de marzo para os alumnos do IES de Mugarbos por Enrique Barrera, e visita guiada e charla aberta ao público en xeral o 23 de marzo tamén con Enrique Barrera.



PRESENTACIÓN DA REVISTA ALBELA Nº 0

Presentación do número 0 da nosa revista Albela, con entrega de carnés da asociación. Presentada por Pablo Rañales e Gabriela Sánchez.

Celebrada o 21 de marzo na Sala de Lecturas do Casino Mugarde.



LSE. OBRADOIRO ACHEGAMENTO Á LINGUA DE SIGNOS

Obradoiro de achegamento á lingua de signos e ás persoas xordas, impartido por David Fernández García.

Celebrado no Centro Cívico o 14 de abril.



URBANISMO E PATRIMONIO: VISITA GUIADA AO ARSENAL, BARCO E MUSEOS.

Celebrada o día 21 de abril no Arsenal Militar de Ferrol con viaxe en lancha e visita ao Arsenal, á fragata Albaro de Bazán e aos museos Naval e Exponav



AI VEN O MAIO

Festa dos maíos. Elaboración dun maio no CEIP Unión Mugarde e no CEIP Santiago Apóstolo. Saída pola rúa e actividade no Cantón de Cora.

Celebrado o 2 de maio no CEIP Santiago de Franza e o 4 de maio no CEIP Unión Mugarde e Cantón de Cora.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS: MARÍA VICTORIA MORENO

Música tradicional polas rúas, repartición de globos, marcapáxinas e libros para os nenos, lectura de poemas de María Victoria Moreno.

Celebrado o 17 de maio na Praza do Concello, rúas e Peirao.



PRESENTACIÓN DE SERMOS, O DIARIO GALEGO

Presentación de Sermos o Diario Galego, coas intervención de Gabriela Sánchez Cortizas, Antón Cortizas Amado, Bernardo Máiz Vázquez e Nicolasa Castro Monteiro.

Celebrado o 8 de xuño no Casino Mugardés.



OBRADOIRO DE PRANTAS

Plantas aromáticas e medicinais, elaboración de diferentes preparados, práctica de aromas, plantas exóticas invasoras, impartido por Manuel Allegue.

Celebrado o 9 de xuño no Centro Cívico.



LEVA TRAE

Campaña de animación á lectura. No piso de abaixo do Centro de Saúde deixamos unas baldas con libros infantís, para facer algo máis entretida a espera. Son para ler, levar e cambiar por outros.



CAFÉ CON VERSO


Tomamos un café con Pedro, limos os seus versos e falamos da súa poesía. Presentaron Xoán Rubia e Manuel Patinha.

Celebrado o 29 de xuño no Casino Progreso de Franza.



ALLARIZ, URBANISMO SOSTIBLE

Visita a Allariz e percorrido polo centro histórico acompañados do concelleiro de cultura que explicou o proceso recuperación do río e da vila.



XA CHEGOU O SAMAIN

E chegou o frío, a choiva, as cabazas e a escuridade. Era tempo de medo. Así que neses días nos que a Santa Compañía se botou à rúa, nós tamén andivemos polas escolas de Catro Camiños, de Franza do Cristo para contar uns contos terroríficos." O espello do viaxeiro", "O rato Renato" ou "Winnie the Witch" foron algúns.



PRESENTACIÓN "THE MAKING OF" DE XAVIER ALCALÁ

Repaso pola traxectoria literaria de Xabier Alcalá e presentación do libro *The making of*, no que o autor, partindo dunha extensa documentación real (de arquivos policiais e xudiciais principalmente), enfía na súa imaxinación a historia dun emigrante crápula e a realidade do asilo aos nazis na Arxentina.



CORAZÓN E DEPORTE

Charla e coloquio a cargo do doutor Carlos Piñeiro Díaz, que foi director médico da residencia de Ferrol e concelleiro de sanidade. Nestes momentos é médico de familia en Naron e colaborador da Organización Mundial da Saúde. Actualmente é promotor do programa "100.000 motivos de peso" que foi premiado no Congreso Europeo de Obesidade como Mellor Programa de Participación Pública.



DÍA DO PATRIMONIO

Para conmemorar o Día Internacional do Patrimonio a nosa asociación realiza unha saída a Ferrol. É unha visita guiada polo Capitán de Fragata don Luis Rodríguez-Moldes e o Maior don Manuel Martínez de Dios. Esta visita permitunos permitiu coñecer e valorar o cuartel de Dores, a porta da Fontelonga e o pazo de Capitania. O patrimonio da nosa terra consérvase, coñécese e non desaparece grazas a xente como eles.



A FACTURA DA LUZ

Charla informativa e coloquio posterior sobre o bono social, a pobreza enerxética, a interrumpibilidade, a potencia contratada, o P.V.P.C, T.U.R, S.U.R, T.E e outros misterios agochados tras as tarifas eléctricas.



ARTE AL AGUA

Visionado e coloquio dun documental espectacular para falar do que viviron, do que vivimos, dos que foron e os que os esperaban, para coñecer, en definitiva, a nosa historia.

Foi a nosa pequena homenaxe aos homes da flota bacallaeira, os homes que logo da guerra civil, cando a nosa era unha terra destruída, fixeron país, pero co prezo brutal dunhas condicións de traballo dificilmente soportables.



RELATOS DE UNA ADORATRIZ

Presentación e coloquio sobre o libro da nosa veciña e colaboradora Raquel Villanueva, "Relatos de una adoratriz". Achegamos un ollo á pechadura para observar que hai tras da porta dos seus relatos. Intentamos adentrarnos coa súa axuda na intimidade, no espazo privado que torna atractivas as súas historias.



DAS ÁRBORES TROPICAIS E DO AMOR

Xosé Luis Mosquera Camba foi profesor de Historia da Arte no Les Mugardos e é lembrado polo seu alumnado por ser un bo profesor, e sobre todo por ser boa xente. Lemos versos do seu último poemario "Das árbores tropicais e do amor" e falamos de calor, de desexo, de cidades añoradas, de linguas do alén, de corpos e de almas.

PRESENZA EN REDES SOCIAIS



www.facebook.com/apeloneduccion



@ApelonEducacion



<https://apeloneduccion.wordpress.com>

RELACIÓNS CON OUTRAS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES CULTURAIS

Rede do Patrimonio Cultural
(A asociación forma parte da Rede do Patrimonio Cultural)
<http://redepatrimonio.gal>
Colexios
ANPAs
Concello de Mugardos



Carmen Filgueiras, na cova das ideas



Xurxo
Fernández

Aos seus 93 veráns, Carmen Filgueiras, pasa os días lendo e ollando pola fiestra. Así veume chegar pola estrada de Meá e abriume a porta antes de que fixese soar o timbre. Non te coñezo, pero xa sabía que eras ti o que vés facer a entrevista. Sempre tivo o don da anticipación.

Xunto ao seu marido, Juan 'Anido', pasou media vida ás agochadas. Gardando as súas ideas nunha cova. Picando pedra na noite longa para recuperar a dignidade dos que perderon a guerra. Costoulles a cadea, mais nunca se arrepentiron. Só fixeron o que Deus manda.

Lémbrome de todo, como se fora hoxe. Era unha noite calma. Escoitamos chegar os coches á ponte do Esteiro. Deixaron os motores acendidos. Un home saíu cunha lanterna e alumou as fiestras das casas que estaban ao redor. A miña nai mandounos agochar e calar a boca. Eu tiña once anos, pero xa sabía o que ía pasar.

Aos nenos de Mugar dos aprendéran-nos unha canción: *García se va a su casa y le dice a su mujer: sácame el traje de gala que me lo voy a poner*. O traxe de gala era porque o ían fusilar. García e Galán foron os dous primeiros mártires da República. Aquel verán virían moitos máis.

Non sabía quen eran eses homes que baixaron do coche. Hoxe penso que puideron ser os buzos dos Casás e a un da Redonda que se chamaba Rivas. Non sabía quen eran, pero sabía que lles ían facer o mesmo que a aqueles dous militares republicanos. Cargaron os fusiles. Tac, tac, tac. E unha descarga. Pam, pam, pam. E outra. Pam, pam, pam. Despois escoitamos os últimos suspiros. Os corpos caeron coma pedras sobre a chapa da camioneta. E subiron pola corredeira das Condesas. Lévanos ao cemiterio, dixo miña nai.

Na miña casa non se falaba de política, pero tiñamos as nosas ideas. Nós eramos cinco *irmás* e levámonos cinco anos entre cada un de nós. Meu pai vivía en *Nueva York* e cada vez que viña a visitar a miña nai, encargáballe un fillo. Antes da guerra levábanos ao Cine Vello a escoitar os discursos de Esperanza Rivas, de Angelita a 'Chulita' e tamén de Amada. Amada García, claro. Acusárona de bordar bandeiras republicanas. Mira ti. O que lle fixeron a esa muller non ten perdón. Non ten perdón.


O mesmo pasou con Don Eduardo, o 'médico dos pobres' lle chamaban, porque non cobraba a quen non tiña cartos. Foi outro médico de dereitas quen o denunciou. Miña nai soubo que o ían matar e falou cun rapaz que ía no piquete de fusilamento. Pero como ides matar a Eduardito, díxolle. É un bo home que nunca mal fixo a ninguén. Por favor, facede como que o matades, pero non o matedes, por Dios. E, efectivamente, o soldado disparou e feriu ao médico, pero deixouno con vida.

Despois souben como morrera o pobre. Mandáranme a comprar a tenda do Esteiro e alí estaba, falando con outro, Peña o enterrador. Rían coa boca aberta. Estaban

borrachos. ¿De que vos rides?, preguntou un home. Pregúntalle a Peña, que che conte. Onte a noite fun a enterrar aos fusilados e alí vexo a Don Eduardito o médico. *Peña, Peña, por favor no me entierres que estoy vivo*. Pois non te preocupes, lle dixen eu, que si aínda estás vivo, xa pronto non vas estar. Zoupeille coa pala na cabeza e alí mesmo enterreino. Ha, ha, ha, ha. Ha, ha, ha, ha. Aínda hoxe non podoo esquecer esas gargalladas.

A VIDA XUNTO A JUAN

Eu tiña as miñas ideas, pero non as mostraba. Outra cousa era Juan, o meu marido. El tiña a política metida no sangue. Xa de pequeno escapaba da escola para ir ás *manifestaciós*. Sempre ía diante, levando a bandeira republicana. A Juan coñecino cando tiña 14 anos. Encontrámonos un serán no serradoiro que había no Peteiro. Como pode ser que ti sendo do Esteiro e eu de Meá aínda non nos coñeceramos, díxome. Entón comezamos a falar. Foi na festa de San Antonio en Simou cando bailamos por primeira vez. Sacounos o meu primo Paco



Juan Anido, o marido de Carmen, pasou 13 anos preso no cárcere de Burgos.

Filgueiras. Eles eran moi amigos, militaran nas Xuventudes Libertarias e gustáballes moito cantar. Aquela canción, La Payanca, era a favorita de Juan.

Desde aquela, sempre seguimos xuntos, ata a morte. Casámonos no 44, e poucos meses despois tivemos a Loli. Quedamos a vivir coa familia de Juan. Esta era un casa de campo, unha casa forte. Aquí a xente viña a traballar e a quitar a fame. Levaban ovos, patacas, verduras, pan e fariña para facer as papas. Nós nunca lles cobrábamos. As portas desta casa sempre estiveron abertas.

Juan Anido, á esquerda, xunto a súa filla Loli e os compañeiros de prisión.



Un día fun levar ovos a casa dunha veciña. Entrei pola cociña e vin un arma apoiada na porta. Na sala había tres homes. Cando torcin a vista, xa non me deixaron falar. Non te asustes rapaziña, me dixeron. Nós somos xente de ben e loitamos por unha causa xusta. Sabemos que es a muller de Juan e queremos falar con el. Non os coñecía, pero xa sabía o que querían. E tamén sabía o que Juan lles ía dicir.

Arraxamos o encontro aquela mesma noite. Despois das doce, escoitamos os cas ladrar. Saímos pola porta de atrás e alí estaban os tres xunto ao pozo. Meu home enseguida os recoñeceu. Eran Soto, Juan o Buzo e Choni da Pedreira. Déronse todos unha grande aperta.

E así comezaron a vir de cando en cando. Mesmo pasaban tres días seguidos con nós, como pasaban dúas semanas sen vir. Así como entraban, marchaban. So querían un pouco de axuda, un lugar onde durmir as noites e unha comida quente. Pero precisaban dun lugar seguro onde agocharse, e así foi como se lles ocorreu facer a cova.

A COVA DE PANCHO

A idea foi de Pancho. El foi o enxeñeiro da construción. Levantaron un chanzo nas escaleiras do cortello e puxéronse a cavar. O túnel pasaba por debaixo da estrada, e había que ter coidado de non chamar a atención. Un vixiaba fóra agarrando unha cordiña na man que ía atada ao pé do que estaba embaixo. Cando pasaba un veciño, un tiraba da corda e o outro deixaba de picar. Así fíxose a cova de non sei cantos metros de longo ata conseguir unha saída ao mar.

A cova era un escondedoiro, pero tamén utilizábase cando os guerrilleiros querían matar a alguén. De aquí saíu o Riqueche e o Patitas aquela noite de nadal. Penso que foi no ano 45. Había baile no Casino de Mugarbos e daba un discurso o Bailarín, que era un xefe da *Falange*. Eles entraron ata o fondo da pista coas armas agochadas nas gabardinas. E alí o atoparon. Non chegou a dar o discurso ese Bailarín.

Todo o mundo dicía que o matara Pancho, pero non foi certo. O que matou ao Bailarín foi o Patitas. Iso seiño eu. A quen matou Pancho foi a Muñiz, aínda que non era a el a quen quería matar. Pancho ía a polo alcalde, o Pescas. Manuel 'o Pescas', era un dos asasinados máis grandes que había en Mugarbos. El mandou matar a todos aqueles que foran detidos durante a guerra. Nós estábamos alí esa noite, no café do Bolichero. Era o ano novo do 49. Pancho entrou con outro e encanonou ao Pescas, pero cando foi disparar, o fusil encasquillouse. O Pescas tirou a correr cara unha escaleira de caracol que había na parte traseira, e cando Pancho conseguiu disparar lle deu nas costas a Muñiz, que ía

O túnel pasaba por debaixo da estrada, e había que ter coidado de non chamar a atención. Un vixiaba fóra agarrando unha cordiña na man que ía atada ao pé do que estaba embaixo. Cando pasaba un veciño, un tiraba da corda e o outro deixaba de picar.



Carmen, en primeiro plano,
coa súa filla Loli ao fondo.

Na cova tamén tiñamos unha multicopista. Un día díxome Juan: Carmen, prepárate que esta noite imos ir ao cine a Ferrol. E a Ferrol que fomos, pero co corpo forrado de pasquíns.

detrás do alcalde. Así foi o conto.

Na cova tamén tiñamos unha multicopista. Un día díxome Juan: Carmen, prepárate que esta noite imos ir ao cine a Ferrol. E a Ferrol que fomos, pero co corpo forrado de pasquíns. Deixabamos a propaganda nas portas dos bares e ás saídas dos cines. Así botamos ata ben entrada a noite. E cando quixemos volver a Mugarodos, xa non había lancha. Quedamos con dous compañeiros que nos ían levar nun bote. Pero ao chegar ao muelle de Ferrol, alí non había ninguén. Estabamos esperando, cando de repen-

te chega unha parella da Guardia Civil. A min tremíanme as pernas. Juan díxime: ti tranquila, muller. Se nos preguntan dicimos que perdemos a lancha e xa está. Comezamos a pasear arredor deles, para que viran que non tiñamos medo. Eles mirábannos estrañados, e nós veña a dar voltas ao seu carón. Ao final, aburríronse e marcharon. Entón chegou o bote que agardaba por nós. Moito medo pasamos aquela noite.

O CANARIO E A CADEA

Pero a peor foi cando descubriron a cova. Aquela noite foi terrible. Xa levaban tempo vixiándonos. Sabían que nesta casa algo había. Viñan pola mañá, pola tarde, no medio da noite, pero xamais atopaban nada. Eu sabía moi ben facer o teatro. Se vían unha cama revolta, un prato con comida ou un cinceiro cheo de cabichas, eu facíame a indignada. Iso é o meu marido que é un desastre, e xa lle digo que icomo non o recolla el, eu non penso facelo! Mentres, os guerrilleiros saían pola cova.

Da cova non sabían nada. Non podían nin imaxinar que estaba onde estaba. Un día estiveron toda a tarde remexendo, puxeron a casa patas arriba; e un garda civil todo o tempo alí sentado, no mesmo paso da escaleira que abría a cova.

Pero aquela vez foi diferente. Aquela vez foron a tiro fixo. Uns días antes dertiveran a un enlace que coñecía a cova. Torturárono, colgárono das pernas, rompéronlle os dedos, déronlle descargas, non sei cantas cousas lle fixeron. Ese home pasou as de Caín. Cando xa estaba rendido, ofrecéronlle un pasaporte para Francia para ver se cantaba. E claro que cantou. Por iso lle chamaron o Canario.

Chegaron pola noite, case de madrugada. Nós aínda estabamos na cama. Traían bidós de gasolina. Sabíamos que non andaban con lérias. Unhas semanas antes queimaran unha casa en Fene onde tamén



Visita das familias dos presos na Coruña.



Día da Merced no penal de Burgos.

se agochaban os guerrilleiros. Alí morreron calcinados o Choni e Juan Gabeiras. Con nós pensaban facer o mesmo, pero antes querían ver a cova. Ao meu marido mazárono a golpes. E eu, que xa non podía aturar máis, púxenme diante. ¡Pegádeme a min! Eles agarrábanme polo pescozo até case afogar, pero eu non me achantaba. Sempre tiven moito carácter.

Cando deron coa cova, o capitán Varela non daba crédito. ¡Vaya obra de ingeniería! ¡Donde esté Pancho que se quiten los arquitectos!, dicía. Despois, leváronnos a todos detidos. Tamén a Pepe, un rapaz que traballaba e vivía con nós na casa. E a miña sogra, que estaba doente e apenas se levantaba da cama.

A casa está en pe grazas a un veciño. Saíu en pixama para ver o que pasaba e os gardias xa estaban regando a casa con gasolina. ¿Qué están ustedes haciendo?, lles preguntou. En esta casa se esconden guerrilleros y vamos a quemarla. Usted métese dentro. Meteuse e saíu coa gorra e a casaca militar. Soy Juan de Miguel, teniente coronel de la Guardia Civil, y esta casa no la van a quemar porque está al lado de la mía y corre peligro. Non houbo máis discusión.

Aquel home non só salvou a casa, tamén salvoulle a vida ao meu marido. A Juan querían pasealo aquela mesma noite, e el impediuno. Penso que sabía

Cando deron coa cova, o capitán Varela non daba crédito. ¡Vaya obra de ingeniería! ¡Donde esté Pancho que se quiten los arquitectos!

que estaba en débeda. Si non lle pasara nada durante todo ese tempo, foi gracias ao meu home. Os guerrilleiros propuxeron máis dunha vez entrar na casa de Don Juan para roubarlle as armas. E Juan dicía: ide ningunha maneira! Son os nosos veciños e nós sempre tivemos boa relación con esa familia. ¡Esa casa é intocable!

Botamos dúas semanas detidos en Ferrol e despois leváronnos para A Coruña. Pasamos nove meses na cadea agardando polo consello de guerra. No xuízo, Juan fíxose responsable de todo. Dixo que nós non sabiamos nada, que todo pasaba de noite cando durmiamos. Pepe e máis eu saímos absoltos, pero a el caéronlle 13 anos no penal de Burgos.

A xente do pobo recibíunos moi ben. Cando chegamos a Mugar dos no bus de liña houbo quen nos aplaudiu, e tirábanos bicos dende os balcóns. Pero a Guardia Civil non, os gardias e os falanxistas viñan a por nós. A Pepe queríanlle pegar. Non puideron facelo cando o detiveron porque estaba na Marina facendo o servizo, e a un



Juan xunto a Loli, no centro, na prisión da Coruña.



Juan "Anido" e Loli, en 1947.

militar non se lle podía tocar. Pero agora tíñanlla xurada. Un día veu un guardia a pegarlle e eu púxenme diante. Pégame a min se es home. Levantoume a man e gritou: ¿a ti?, ia ti también, zorra! Aínda hoxe latéxanme aquelas tres palabras que gardei nos beizos: como tu madre, como tu madre, como tu madre.

A Juan íamos velo a Burgos unha vez ao ano. Sempre pola Mercé, porque é a patroa dos presos e deixábnos entrar no cárcere.

O QUE DEUS MANDA

A Juan íamos velo a Burgos unha vez ao ano. Sempre pola Mercé, porque é a patroa dos presos e deixábnos entrar no cárcere. El non estaba tan mal coma o resto. Ao pouco de entrar déronlle un traballo na cociña, e despois na enfermería. Así poido axudar a moitos compañeiros. Juan caíalle ben ás monxas, porque lle viran unha foto de Loli vestida de uniforme na escola xunto a un neno Xesús. Meu marido nunca quixo saber nada de relixión, pero sempre dicía que el non fixera outra cousa

que o que Deus mandaba: dar de comer al hambriento, de beber al sediento y posada al peregrino.

Conseguíu saír en sete anos por boa conducta. Loli estaba na escola e unha nena foi levarlle o telegrama. Púxose moi contenta. A mestra díxolle: anda, non agardes máis, vai á túa casa a levar a boa nova. Fomos todos a Burgos a recibilo. Volveu a casa e intentou buscar traballo. Pero non era doado. Juan seguía na brecha. Aínda despois de saír do cárcere, volveu a cruzar a Francia. Xa estivera unha vez antes con Carrillo e Santiago Álvarez. A Guardia Civil andáballe enriba. A min parábanme e diciánme: Carmen, tu marido, así como salió, no tardará mucho en volver a entrar.

Foi entón cando decidiu marchar a Suíza. Eu quedei para coidar da súa nai, pero cando morreu, xunteime con el. Alí traballei nun hotel, e Juan nunha fábrica de reloxos. No traballo apreciábnos moito. Pero ao morrer Franco, quixemos volver a Mugar dos.

Foron anos duros. Pero nunca nos arrepentimos de nada. Eu son a mesma que era. Teño as miñas ideas, como as tiven sempre. Nunca me fallaron, nin me fallan agora. Morrerei así. ¶

As vicisitudes dun mugardeés no maio do 68 en Santiago



Xoán Rubia

Cando os amigos de *Apelón Educación* fixéronme a suxestión de escribir sobre o maio do 68 en Santiago aproveitando que pasaba por alí, pensei se eu sería capaz de dicir algo que puidese interesar aos lectores da revista *Albela* dado que non son un erudito neste tema, tan só un tipo curioso que lle encantou verse metido naquel verexenal.

Eu chegaba á Universidade por primeira vez separado da

familia e provisto dunha desexada autonomía da que estaba disposto a facer

uso. Atopábame fóra da militancia política pero fiel, iso si, a miña conciencia e ao rexeitamento á dictadura responsable de cousas que un non aprendera nos libros no instituto, así que estaba disposto a canalizar da mellor maneira posible a rebeldía interior que todo rapaz leva implícita. Tamén cheguei a Santiago morriño, botando de menos a miña xente e aos amigos e aproveitaba calquera ocasión que se me presentaba para volver a casa. Ao non poder cargar co piano, levei a guitarra crendo que sería unha boa compañía nas longas noites de inverno que me esperaban naquela



Quizá naquel maio do 68 en Santiago comezaronse a poñer algunhas cargas de profundidade na liña de flotación dun réxime que se resistía a claudicar e que se defendía coma gato panza arriba.

pensión, o meu primeiro asentamento, na rúa Rosalía de Castro.

En 1968 nos EE.UU un clima de violencia anegaba o país: os estudantes en pé de guerra, a violencia racial a flor de pel, a tremenda incidencia de dous asasinatos que deixaron fonda pegada na sociedade, o de Martin Luter King e o de Bob Kennedy unido todo isto á guerra do Vietnam que se cobrara máis de 16.000 marines mortos, converteron aquel país nunha tea ardente. E non esquezamos que os EE.UU sempre foron propiciadores de modas e tendencias, fruto dese colonialismo cultural que acostumaban e acostuman vender ao mundo. Sen dúbida os movementos estudiantís nos EE.UU influíron nos que se estaban a producir aquí. Joan Baez xa protestaba cantando o *We shall overcome*. Algúns estudantes entón en Santiago xa andaban mergullados en accións reivindicativas e un feixe interminable de siglas políticas encadradas entre a esquerda e a ultraesquerda trataban de competir en protagonismo. No mes de abril, en Francia, prodúcese os primeiros movementos estudiantís coincidentes cunha folga dos traballadores da empresa ferroviaria estatal que poñen entre as cordas ao goberno da República. Aqueles loitaban por cambios sociais e estes por melloras laborais cunha forza tal que o ruído chegaba aquí ata o punto de acadar solidariedade

e simpatía entre os estudantes e traballadores coa importante diferenza que había entre aquela republica e a nosa ditadura, claro. O movemento francés do 68 e os tensos acontecementos que ocorrián no mundo influíron notablemente no noso maio particular. En realidade o maio do 68 en Santiago iniciouse en marzo nunha asemblea multitudinaria na aula magna da Facultade de Medicina á que asistín. Comezaban a crearse asociacións de estudantes, eleccións de representantes, represalias no profesorado afin á protesta e a policía amosaba a súa cara mais abxecta como aconteceu na aludida asemblea na que os

"grises" nos moleron a paus. Foi tremendo aquel momento en que, mentres nos desaloxaban, nos daban golpes a esgalla. Aquilo puxo entre as cordas á autoridade académica e provocou unha onda de solidariedade sen precedentes. Foi o principio. A revolta dos estudantes foi cualificada por algún medio como "inmunda escoria" cualificativo que dou pé ao título dun libro escrito por Ricardo Gurriarán que andaba tamén por alí e que se refire a aqueles acontecementos. Logo daquela brutal repre-



En realidade o maio do 68 en Santiago iniciouse en marzo nunha asemblea multitudinaria na aula magna da Facultade de Medicina á que asistín.

sión, lonxe de afrouxar os actos de protestas, a indignación creceu e as folgas e manifestacións aumentaron e por momentos Santiago convertíuse nun campo de batalla con frecuentes enfrontamentos cos "grises" que remataban case sempre con estudantes detidos e coa imposición de importantes sancións que nalgún caso alcanzaban as 15.000 pts e tamén coa expulsión e anulación da matrícula para os promotores das protestas. Eu estaba a vivir nun mundo diferente á aparente tranquilidade que se manifestaba naquel instituto "Concepción Arenal" de Ferrol que remataba de deixar.

Pero incluso poderíamos ir un pouco máis atrás porque un ano antes, en maio do 67 ten lugar en Santiago, no estadio da Residencia, o mítico recital de Raimon coas súas cancións cualificadas de "protesta" ou máis suavemente de "tendencia", ou mesmo para algúns "tendenciosas". Non acudín a quel evento (eu aínda non chegara a Santiago) pero




Nunca pensei ser unha "inmunda escoria" como chegou a definirnos un medio daquela caverna mediática ao vil servizo do réxime e do reitorado, en realidade a inmunda escoria a tiñamos enfronte.

algun dixo que dou lugar ao que viría despois, o 29 de abril do 68 no paraninfo da facultade de Medicina: o recital presentación de "Voces Ceibes" ao que si asistín. Vin un sinxelo afiche nunha librería da rúa do Villar e supuxen que se trataba dun grupo folk ao estilo de "Nuestro Pequeño Mundo" pero non, eran cinco rapaces que individualmente foron interpretando cancións de autoría propia e outras baseadas en poemas dalgúns dos nosos máis significados vates. Quedei sorprendido pola masiva asistencia e porque eu, sen ter idea da existencia dese grupo, tiña compostas dúas cancións que máis ou menos ían por ese camiño. Canteinas nun colexio maior, San Agostiño, e a partires de aí xurdiu unha colaboración, a verdade non podo dicir moi estreita, con "Voces Ceibes" por razóns que agora non veñen ao caso, pero si declarar que vivín con eles certas experiencias moi positivas no campo da reivindicación social e cultural dentro da "longa noite de pedra" na

que estabamos sumidos e que tan ben definiu o poeta Celso Emilio Ferreiro. Outra cousa é si se cumpriron os pretendidos obxectivos. Pero esa, meus amigos lectores de "Albela" éche outra historia que ao mellor noutra ocasión abordo.

É curioso que todo aquilo xurdise ao abeiro do 68. Hai datas que quedan refictidas para sempre na historia e no imaxinario colectivo e unha delas é o maio do 68 por todo o que en realidade significou. Se a onda expansiva que os estudantes e obreiros franceses provocaron nese tempo foi quen de arrastrar ao goberno do fundador da V República francesa, o xeral De Gaulle, nós pensabamos aquí por qué non podería acontecer o mesmo co réxime do xeneral Franco? Quizá naquel maio do 68 en Santiago comezáronse a poñer algunhas cargas de profundidade na liña de flotación dun réxime que se resistía a claudicar e que se defendía coma gato panza arriba. Seguimos a participar en manifestacións, seguimos a recibir paus na rúa, a visitar a comisaría de policía e a abonar algunha sanción que a familia tiña que sufragar non sen sacrificio. Pero tampouco convén crer que



Ricardo Gurriarán publicaría no 2010 "Inmunda Escoria" encomendado pola Fundación 10 de Marzo para conmemorar os 40 anos das loitas do curso 1967/68 na Universidade galega.

fomos "guay del Paraguay", non é conveniente seguir retroalimentándonos con todo aquilo como algúns seguen a facer arestora. Aquilo xa foi. Os estudantes no 68 en Santiago fixemos o que nos tocou facer nin máis nin menos: loitar o que se di loitar loitaron máis os traballadores aos que, en xustiza, hai que lles dar a parte que lles toca nesta longa loita contra a ditadura. Agúns deixaron a vida neste empeño... "loitar loitase sofrindo, loitar loitase morrendo" (X. Alcalá dixit).

Eu, un mugardés que saía por primeira vez de casa, vivín aquel tempo con intensidade, con preocupación e, por que non dicilo,

con certo medo. Nunca pensei ser unha "inmunda escoria" como chegou a definirmos un medio daquela caverna mediática ao vil servizo do réxime e do reitornado, en realidade a inmunda escoria a tiñamos enfronte. Non teño a seguridade de que a democracia xurdese cando morre o ditador; a partires de aí seguiron os atrancos e dificultades para instaurar un réxime sufraxista que levase á xente a elixir o seu destiño. Sen dúbida avanzamos moito desde aquela, pero aínda quedan cousas importantes por resolver. Os testemuños daquel tempo xa somos historia, agora tócalles a outros abrir camiño. ¶



O 29 de abril do 68, no paraninfo da facultade de Medicina, Voces Ceibes daban un recital.

A situación xeográfica do concello e a vila de Mugar dos, na banda sur da Ría de Ferrol, condicionou e marcou a actividade e forma de vida dos seus habitantes, sempre vencellada ao mar. Nas vías de comunicación, o camiño do mar foi o mais empregado e utilizado e o transporte marítimo o mais importante ata o último terzo do século XX.

As lanchas



As lanchas de pasaxeiros de Mugar dos e O Seixo, hoxe tristemente desaparecidas, constitúen unha fermosa mostra do patrimonio marítimo e cultural de Mugar dos que permanece na memoria de todos os mugar deses como un sinal de identidade que comprería recuperar.

Épocas douradas do pasaxe marítimo no século XX, nas que a ría ferrolá era cruzada dende a banda norte e sur ata Ferrol, como lugar de destino e cabeceira industrial, comercial e de servizos de toda a bisbarra, polas fermosas lanchas de madeira de A Graña, A Cabana, Perlío, Barallobre, Maniños, O Seixo e Mugar dos, diferenciadas cada unha delas pola cor das súas chemineas. O período entre os anos 40 e 60 do pasado século, marcou o punto álxido do pasaxe da ría, con mais de medio millón de pasaxeiros.

Foron anos nos que en Mugar dos e O Seixo todo o mundo *collía a lancha* para ir a Ferrol, ben por traballo, estudo, compras,



Miguel Rodríguez


lecer, etc. Curtas viaxes de 10-15 minutos nas que se chegaban a facer novas amizades, establecer ou fortalecer relacións e que para algún "venidero" serviron para integrarse no seu novo lugar de residencia. A disposición dos asentos corridos nos cámaras, uns fronte a outros, e coa xente moi pegadiña entre si, favorecía en moitos casos a conversa e o coñecemento entre persoas que doutro xeito probablemente non se terían comunicado, e tamén pequenos debates creados de maior ou menor intensidade. Viaxes nas que houbo historias felices, como o nacemento dun neno na lancha "Generalísimo Franco" coñecida como "La General" no 1943; mais tamén traxedias como o abordaxe en febreiro de 1947 do destrutor "Sánchez Barcáiztegui" a esta mesma lancha, co terrible balance de 13 vítimas mortais o que constitúe o maior accidente na historia da vila .

Nas lanchas se concentraba toda a sociedade nunha obrigada convivencia que


Ortofoto da ría de Ferrol obtida polo voo do servizo cartográfico do exército dos Estados Unidos entre marzo do 1956 e setembro do 1957.

de pasaxe

O período entre os anos 40 e 60 do pasado século, marcou o punto álxido do pasaxe da ría, con máis de medio millón de pasaxeiros.



Fonte: "Motoras do Freixo na Ría de Ferrol", Bernardo Máiz, Ardentia nº 7.



nalgúns casos non era tal, e houbo períodos nos que se produciu unha certa diversificación do pasaxe por medio do prezo dos billetes: máis caro na cámara de popa que na de proa. Co tempo se unificaron as tarifas, pero seguía a haber unha certa preferencia retranqueira: na popa os *señoritos* e na proa os *currantes*. Lanchas que serviron tamén para que moitos visitantes puidesen coñecer a vila, xa que durante todo o seu período de funcionamento a viaxe en lancha desde Ferrol a Mugar dos foi unha actividade case obrigada e que se converteu en tradicional.

A inauguración da ponte das Pías o 16 de Outubro de 1968, que supoñía un considerable aforro de tempo no transporte por estrada desde Mugar dos/O Seixo cara a Ferrol, marcou (ademais doutros factores) un antes e un despois no devir das lanchas que foron perdendo pasaxeiros de xeito continuado, ata o seu peche definitivo. Foi, curiosamente, a rotura da ponte pola plata-



Mugar dos

Cía. Jerónimo Vila



Mugar dos

Sociedad Protección Mútua Empresa Obrera



A Graña

Cía. Eliseo Martorell



A Cabana

Cía. Dorrio



O Seixo - Barallobre

Hijos de Manuel Fernández



Perlió

Cía. Gómez Calviño

As empresas que prestaban servizo na Ría de Ferrol diferenciaban as súas naves pola cor das chemineas. Fonte: Museo Naval de Ferrol



Na década dos anos vinte, o Sr. Pena (Chirivia) prestaba servizo coas lanchas Carmenchu (na foto, no 1919) e Carmiña.

forma Discoverer Enterprise o 13 de Xaneiro de 1998 o que permitiu que as lanchas de Mugardos recuperasen, durante un curto período de tempo de 56 días, a súa importancia como transporte máis rápido, para cruzar á outra banda, sen ter que dar toda a volta por Neda e Xuvia para chegar a Ferrol.

AS LANCHAS DE MUGARDOS E O SEIXO. UNHA PEQUENA HISTORIA

No ano 1726 quedou constituído o Departamento marítimo do Norte e Ferrol foi o lugar elixido para erguer unha base naval co seu Estaleiro e Arsenal correspondente. Estas dúas grandes obras, xunto á construción practicamente dunha nova cidade, que comezaron a mediados dese século XVIII, foron determinantes para todas as poboacións da ría ferrolá, e tamén para Mugardos, xa que moitos dos seus habitantes foron a traballar alí. O transporte marítimo non só de persoas, se non de mercadorías e abastecementos cara a Ferrol adquiriu, xa que logo, unha importancia decisiva.

Acudindo ás referencias bibliográficas atopamos testemuñas ao transporte marítimo de Mugardos e O Seixo a Ferrol.

O Catastro do Marqués de la Ensenada do ano 1752, ao falar do censo de mareantes de Mugardos, achega o dato da existencia de 50 dornas que eran utilizadas para a pesca do polbo e tamén para pasar xente cara A Graña, Ferrol e Esteiro. No ano 1764, o ilustrado Xosé Cornide na súa obra Descripción circunstanciada de la costa de Galicia, ao falar di do Seixo que "...es donde embarcan los pasajeros para atravesar la ría ahorrando la vuelta que hay que dar por tierra si se va a buscar el puente de Jubia. Es lugar de treinta vecinos que se emplean en pasar con dornas los víveres y la gente a Ferrol". No ano 1848, Pascual Madoz na súa monumental e destacada: Diccionario Geográfico e Histórico de España y de sus posesiones de Ultramar, fai referencia ao Seixo destacando a súa importancia como lugar de embarque cara a Ferrol, "...para evitar el rodeo de 2 leguas (por Jubia): al efecto hay en la ribera gran número de botes de pasaje." Ao referirse a Mugardos di que para a pesca había 21 faluchos, 29 lanchas, 8 minuetas e 92 botes que sirven también para el pasaje de la ría.

Referencias que evidencian a utilización nos séculos XVIII e XIX para o transporte de viaxeiros de embarcacións de pesca de remo e vela, e no caso de que se construíse

Rotas e prezos da pasaxe na Ría de Ferrol. 1877.

TARIFA de botes y pasajes ordinarios que habrán de cobrar los patrones de las embarcaciones menores en los viages á los diferentes puntos de esta bahía.			
Viages.	EMBARCACIONES.		
	De 20 mas de remos.	3 remos.	Menos de 3 remos.
	Rs. Cs.	Rs. Cs.	Rs. Cs.
De Ferrol á la Graña, Cabana, baques fondeados ó vice-versa, flete de ida ó vuelta.	3	2	
Viage redondo con media hora de espera.	5	3	
Por cada media hora de espera ademas de la convenida no pasando de 9 horas.	1	1	
Pasada estas se pagará por cada media hora.	2	1:50	
Pasaje ordinario.	0:25	0:25	
De Ferrol á Mugardos, Seixo, Maniños e Barallobre, flete de ida ó vuelta.	5	3	
Per viage redondo y media hora de espera.	7	3	
El exceso de espera se pagará como de Ferrol á la Graña.			
Pasaje ordinario.	0:50	0:50	
De Ferrol á Perillo ó vice-versa, flete.	8	»	
Idem con espera de media hora.	10	»	
Pasaje ordinario.	0:50	»	
De Ferrol á Neda, Jubia y Puzatál, flete.	20	»	
Idem con espera de media hora en el punto que dá la marza.	26	»	
Pasaje ordinario.	1	1	
De Ferrol á los castillos, flete de ida ó vuelta.	8	»	
Idem con espera de media hora.	10	»	
El aumento de espera como los anteriores.			

Hasta los viages de unos puntos á otros fuera de esta capital, se observarán los siguientes preceptos.

De la Cabana y Graña á Mugardos ó vice-versa se pagará lo mismo que de Ferrol á Mugardos.

De los mismos puntos al Seixo, Mugardos, Barallobre y Perillo ó vice-versa se pagará como de la Graña á Ferrol y de aquí al Seixo.

De Graña y Cabana á Neda ó vice-versa, como de Graña á Ferrol y de aquí á Neda.

De Mugardos al Seixo, Maniños, Barallobre y Perillo ó vice-versa, como de Ferrol á Perillo.

De Mugardos á Jubia, Neda y Puzatál ó vice-versa, como de Ferrol á Neda.

Del Seixo, Maniños, Barallobre y Perillo á Neda y vice-versa, como de Ferrol á Perillo.

Seixo, Maniños, Barallobre y Perillo entre sí, como de Ferrol á Graña.

Los precios de viage fuera del puerto serán convencionales entre los patrones y Retadores.

Todo pasajero tiene derecho á llevar un bulto mamar, apreciándose como tal, una maleta, saco, etc., pero si excediera pagará un pasaje por cada bulto de exceso.

Por la Capitanía de puerto se facilitará gratis á todo patron un ejemplar de esta tarifa, la que tendrá obligación de enseñar á los pasajeros que se la oxijan para cerciorarse de la exactitud que haya de satisfacer.


El patron que exije por su trabajo mayor suma de la que se señala para cada caso perderá por la primera vez la que le correspondo, cuyo valor empleará en el papel de multa previniendo devolviéndole el exceso á quien se lo haya cobrado; siendo multado al reitaciarse en doble cantidad; y en el caso de repetir esta falta será varada la embarcacion por el tiempo que se juzgare procedente, sin perjuicio de lo demás á que hubiere lugar.

En viages y espesas que se emprendieren durante la noche se pagará el doble del precio expresado en esta tarifa.

Ferrol 20 de Noviembre de 1877.
Juan de Panto.



À esquerda: lancha Villa de La Graña.
À dereita: planos da Generalísimo Franco,
máis tarde rebautizada como Bestarruza.



algunha lancha só para o pasaxe, as diferenzas eran mínimas. A construción, entre 1866-1868, de ramplas de atraque en Mugardos e O Seixo, permitiu a mellora do servizo . Eran moitos os boteiros que se dedicaban ó transporte de pasaxeiros, polo que a autoridade de Mariña tivo que regulalo, e no ano 1877 publicou unha normativa coas tarefas que se tiñan que cobrar polo viaxe entre os diferentes puntos da ría, dependendo de se o bote era de máis ou menos de 3 remos: o servizo entre O Seixo ou Mugardos a Ferrol, custaba 0, 25 ptas. A finais do século XIX xa empezan a empregarse lanchas de vapor para o transporte . No ano 1893, a empresa armadora da Coruña *López, Pérez e Compañía*, propietaria do vapor *Hércules* que facía a servizo diario entre A Coruña e Ferrol, tamén tiña en funcionamento as lanchas *Dolores*, *Felisa* e *Pepita*, que prestaban servizo diariamente na ría de Ferrol, e entre O Seixo, A Graña e Mugardos.

Xa a comezos do século XX, empézase a xeneralizar o uso da máquina de vapor nas embarcacións de pasaxeiros. En Abril de 1911, Pedro Zárata Domenech fixo reformas nunha lancha chamada *Victoria*, dotándoa da nova propulsión, e no mes de Xuño puxo en funcionamento outra lancha

No ano 1931, constituíse en Mugardos a sociedade obreira "Protección Mutua", promovida por xente da CNT, UGT e Partido Comunista

de vapor, chamada *Buenaventura*, xa que a anterior se lle quedaba pequena para o servizo. A competencia era importante e houbo moitos "armadores" de lanchas de pasaxe: en Maio de 1917, entraron en funcionamento dúas lanchas chamadas *Dalia* e *Mensajera*, propiedade da empresa da vila "*Pérez y compañía*".

Na década dos anos vinte, o Sr. Pena (Chirivia) prestaba servizo coas lanchas *Carmencha* e *Carmiña*. Antonio Deus (Tío Rato) tamén transportaba viaxeiros nas lanchas *Cocherito de Bilbao*, *Ferruxa* e *Globo*. Con posterioridade chegaron a asociarse para prestar o servizo.

Non só houbo servizo a cargo da iniciativa privada. No ano 1931, constituíse



Lancha *Marina* co seu patrón, Manuel Fernández Gallego. Anos 50.



Vila de Mugardos foi construída no estaleiro de Jerónimo Vila no 1942.

en Mugardos a sociedade obreira "Protección Mutua", promovida por xente da CNT, UGT e Partido Comunista coa finalidade de "organizar una Sociedad de resistencia a la explotación del hombre por el hombre, a la que pueden pertenecer todos los individuos que necesiten el transporte entre Mugardos y Ferrol... que aspiren a emanciparse de la explotación y atropello de empresas capitalistas...". Para o servizo alugaron a lancha *Florina* á que se lle cambiou o nome por *Siempre Adelante*, funcionando ata o ano 1937, cando foi requisada. Foi coñecida como a "lancha obreira". Con posterioridade, xa co nome de *Pena Furada*, prestou servizo ata o 1957.

Entre os anos 30 e 50, o armador de lanchas máis importante foi Jerónimo Vila Cobas quen chegou a explotar a liña de xeito monopolístico. Era natural do Seixo, aínda que vivía en Mugardos onde era propietario dun estaleiro no lugar da Isla, e tamén foi práctico do porto de Ferrol. No seu estaleiro construíronse varias lanchas de pasaxe coas formas características e coñecidas: dúas cámaras para o pasaxe, a de proa e a de popa e enriba desta unha toldilla con asentos. A *Ferrol del Caudillo (Cabo Leiras)*, con 19 metros de eslora e que era coñecida como a "lancha grande"; a *Villa de Mugardos* (1942) e a *Marina* (1946) tamén se construíron no estaleiro. Outra

lancha da empresa Vila foi a *Generalísimo Franco (La General)*, construída no estaleiro Montes Ferrín do Freixo (ría de Noia) no 1937 e que sería a triste protagonista do maior accidente do transporte marítimo na vila de Mugardos, cando o 28 de Febreiro de 1947, foi abordada na ría ferrolá polo destrutor da Armada *Sánchez Barcaiztegui*,

No estaleiro de Jerónimo Vila construíronse varias lanchas de pasaxe coas formas características e coñecidas: dúas cámaras para o pasaxe, a de proa e a de popa e enriba desta unha toldilla con asentos

co trágico desenlace de 13 vítimas mortais. Esta mesma lancha, unha vez reparada volveu a entrar en servizo na liña Mugardos-Ferrol

A finais do 1947, os irmáns Luis Dieste Bastida, patrón –coñecido como *Lucho o Rianxo*– e Xosé, maquinista, asociáronse con Argimiro Guillén Madriñán e formaron a empresa DIESGUI (Dieste – Guillén) que comezou a prestar o servizo Mugardos – Ferrol, coas lanchas *Josefita*, *Marina* e *Alegre*. Despois dun período de forte competencia coa empresa Vila, este último vendeulle



La Beiramar (O Seixo). Cadro de Bello Piñeiro. 1928-1930. Pódense apreciar na cheminea as cores que identificaban as lanchas de O Seixo - Barallobre.

a súa empresa no 1948, quedando eles co monopolio da liña arredor, xa con Luis Dieste e Argimiro Guillén como socios, pois Xosé morreu no 1949.

Con posterioridade Joaquín Gómez Bueno, *Quinin*, adquiriu a parte de Guillén, constituindo unha nova sociedade, Pasajes Marítimos Dieste-Gómez S.L.. Co peche da liña da Graña, a empresa mercou as lanchas "*Villa de La Graña*" e "*Santa Teresa*". No ano 1993, coa xubilación de Lucho Rianxo, Joaquín Gómez mercoulle a súa parte, ata que no ano 1997 vendeu a empresa a RETRASUB, quen explotou a liña ata o seu peche definitivo no 2002. Na actualidade a empresa Fernández-Cabana, realiza un servizo na época do verán (ocasionalmente tamén noutras datas concretas) e orientado cara ao turismo.

No Seixo tamén houbo servizo regular de transporte marítimo de pasaxeiros, no século XX, cara a Ferrol. Ata a década dos anos 20 os viaxes se facían nas lanchas *Filomena*, *Hilaria* ou *Flor de España*. No ano 1922, xuntáronse os propietarios destas lanchas con outros socios e formaron a *Compañía de lanchas El Seijo-Ferrol*. Ao

ano seguinte prepararon unha lancha boniteira para o transporte, a *Pérez Galdós*, completando con posterioridade a frota coa lancha *Oliva* e a *Beiramar*.

A Compañía tiña tamén en servizo o vapor *Galicia*, que foi alugado no ano 1937 para a pesca en Ares polo armador Julio Varela Oller; cambiáronlle o nome polo de *Ramón*, e foi a embarcación da que se apoderaron 27 republicanos da comarca de Ferrol, o 21 de Xullo de 1939, para fuxir a Francia. Máis adiante o barco volveu a prestar servizo de pasaxe no Seixo.

No ano 1947, a liña foi mercada por Marcelino Fernández armador das lanchas de Mañiños e a liña pasou a ser Mañiños-O Seixo -Ferrol. Incorporáronse novas lanchas: *Ferrolana*, *Segunda Josefa Amalia*, *Dulce María*. En Febreiro de 1977, a lancha *Segunda Josefa Amalia*, fixo a última viaxe O Seixo-Ferrol.

A liña Mugar dos-Ferrol foi a última en servizo na ría ferrolá. Co seu peche definitivo en Setembro do 2002, remataba a longa travesía dunhas embarcacións de pasaxe, as lanchas, que xa forman parte da nosa historia e patrimonio cultural. ¶

AGRADECIMENTOS:

José Luis Dieste Sardina, por facilitarme parte do material gráfico.

BIBLIOGRAFÍA

CARNEIRO REY, J.A. e RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, M.A. (2009) : *Historia de Mugar dos*. 3ª Ed. Mugar dos.

LÓPEZ, SIRO: *As lanchas de Mugar dos*. La Voz de Galicia, 23/04/2010.

MÁIZ VÁZQUEZ, B. (2000): *As embarcacións de pasaxe das rías galegas (1573 — 2000)*. Vigo.

RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, M.A. (2017): *Naufrexio da lancha de Mugar dos Generalísimo Franco na Ría de Ferrol*. Mugar dos.

RUBIA ALEJOS, X. (2000): *Abordaxe na ría*. Ferrol. Análisis, nº 15; pp. 12-18. Ferrol.

A “lancha obrera” de Mugardos (1931-1936)



Bernardo
Máiz

*“Las lanchas desembarcaban en Ferrol cientos de trabajadores de los astilleros, estudiantes, mandaderas, vendedoras en la plaza de abastos, soldados y marineros procedentes de la Otra Banda de la ría.”
(J. M^a. López Ramón, 2002).*

Na ría de Ferrol, coa cidade como capital administrativa comarcal e potente lugar de atracción laboral, estudantil, comercial e de ocio, navegaron lanchas de pasaxe dende San Felipe, A Graña, A Cabana, Xubia, Perlío, Barallobre, Maniños, O Seixo e Mugardos, esta última ruta a única perdurable, aínda que, reducidas as distancias terrestres por pontes e recheos, ficaran arrombadas as lanchas todas, pois dende o 30 de setembro do 2002 só navegan en augas ferrolás en viaxes estacionais ou turísticos. Mais as lanchas

ficaron na memoria colectiva, for como medio habitual de transporte para a maioría, for como lecer para outro@s, mesmo o bautismo de mar para a xente do interior.

NAVEGANDO DE MUGARDOS A FERROL

Canto menos dende o século XVIII tanto Mugardos como O Seixo mantiñan embarcacións para o “tráfico” con Ferrol. movendo tamén a vila pasaxeiros e mercadorías de Ares e Cervás, embarcando n’O Seixo cara a Ferrol viaxeiros e produtos de

Las lanchas obreras de Mugardos

Hace algún tiempo un grupo de conscientes y abnegados compañeros de Mugardos, constituyeron, mediante grandes sacrificios, una empresa para adquirir una lancha y dedicarla al pasaje entre El Ferrol y la mencionada villa.

En realidad, el verdadero propósito que animaba a estos compañeros no era precisamente la explotación de un negocio. Los verdaderos motivos eran oponer un dique a los desafueros y abusos que se cometían por parte de las empresas que monopolizaban el tráfico, en detrimento de los intereses de los que forzosamente tenían que utilizar tales servicios.

Persistiendo con admirable tenacidad en sus esfuerzos, hay que coronada su obra con la adquisición de otra magnífica lancha, pues con una sola no era posible atender debidamente las necesidades del pasaje.

La labor de estos compañeros tuvo la virtud de frenar el desmedido egoísmo de los antiguos explotadores del negocio, pues como es natural, la competencia establecida les obliga a contenerse y no se han arriesgado a un seguro aumento de tarifas, que de otra suerte hubiesen llevado a cabo sin ningún escrúpulo, con el consiguiente perjuicio para el público.

Nos es muy grato dedicar un entusiasta aplauso a estos compañeros nuestros; que les estimule a continuar el camino emprendido, para que sirva de ejemplo a todos los trabajadores; y la mejor recompensa a sus esfuerzos es utilizar siempre los servicios de la Empresa Obrera de Mugardos.

Un preso del Castillo.

Artigo publicado en "El Obrero" o 11 de maio do 1935.

Limodre, Redes, Cabanas, Pontedeume e máis aló. Denominamos lanchas nesta área a esas embarcacións por presentar as antigas a mesma fasquia que as dedicadas á pesca.

A primeira referencia a este transporte por mar coa que demos é de 1787, "(...) una lancha propia para el pasaje, de 16 codos de quilla y ciento cuarenta quintales, un palo con su vela, seis remos, bancos, resón y amarras, surta en el Porto del Seixo", outra en 1802 de Mugardos: "un falucho de 15 codos que navega con pasaje a Ferrol". No 1849 destaca Madoz que "hay en Mugardos 21 faluchos, 29 lanchas, 8 minuetas y 92 botes que sirven también para el transporte de ría", escribiendo o mesmo autor que n'O Seixo "se embarcan los que se dirigen a Ferrol por evitar el rodeo de dos leguas. Al efecto hay en la ribera gran número de botes de pasaje". Asemade, a tristo nova dun naufraxio dannos conta de que tamén navegaban pola ría lanchas que transportaban xente da "Maestranza" ao Arsenal.

A introducción da máquina a vapor no transporte marítimo interior no paso do século XIX ao XX foi unha revolución técnica que daba seguridade horaria, maior autonomía na navegación e derivou en melloras significativas nas estruturas portuarias e cambios nas relacións de produción no mar, pois, manténdose estruturas mariñeiras tradicionais, a necesidade de financiación e de regulamentos permitiu irrumpir no mar ao capitalismo empresarial.

Desaparecida na paso á década dos vinte a liña marítima Xubia-Ferrol, esmorecendo as lanchas de pasaxe a vela e remo (o mugardés falucho "Uracha" navegou polo menos ata 1933), no tempo que nos ocupa embarcacións mecánicas, moi-

tas delas lanchas boniteiras adaptadas, unían Ferrol e os pobos da ría, un medio e comunicación axil e rápido, adecuado aos horarios laborais, escolares e comerciais.

A primeira lancha pasaxeira de Mugardos propulsada polo vapor foi a "Victoria" (1910) do inversor Zárate, despois a "Carmentxu"; a pouco, armaron na vila lanchas de pasaxe a vapor Ricoy, Mendaña, Pena ("Chirivía"), Deus-Chirivía e, finalmente, a Empresa Vila. N'O Seixo os lancheiros tradicionais asociáronse con dous inversores en 1922 e crearon a "Compañía de lanchas del Seijo S.L."

Registro Industrial de Mugardos (1934)

Sector de transporte:

- 1 empresa de transporte por carretera ("con dos vehículos a motor").
- 2 empresas de lanchas de pasaje ("dos lanchas en Mugardos y una en El Seijo, a veces dos").
- 1 cooperativa con una lancha de pasaje ("exenta de pago de contribución industrial").

"SOCIEDAD PROTECCIÓN MÚTUA, EMPRESA OBRERA."

"En tempos de competencia cuando apretaba fuerte el motor no había clases ni distinciones ni se fijaban en el color".

(Comparsa, Mugardos, 1936)

Estudamos un fenómeno de autoxestión colectiva que coidamos único nas costas españolas, con orixe lóxico a conta das características sociolaborais históricas de Ferrolterra: emprego na Maestranza do Arsenal Militar, na construción naval civil e na Armada; xa que logo, todos eles asalariados afeitos á disciplina laboral. Derivando de tamaño concentración de traballadores, dende 1868-1871 foi Ferrolterra o berce do movemento obreiro galego, tendo gañado no tempo que nos ocupa os sindicatos e partidos de esquerda grande madurez histórica e semellante forza. Nese contexto comarcal, Mugardos era (é) un dos lugares emblemáticos da esquerda, con asentamento moi significado do republicanismo, do socialismo, do comunismo, do sindicalismo, sendo, no tempo que estudamos, a CNT a organiza-

ción obreira maioritaria entre os pescadores e demais xente de mar mugardesa.

Coa República do 14 de abril do 1931 en todos os concellos da ría pasaron gobernar coalicións agraristas-republicano-socialistas. Comezaba un período esperanzado no que todo semellaba ser posible e que temos tratado noutros lugares, tamén o caso mugardés.

En sesión do 30 de outubro do 1931, no Salón Pelayo de Mugarbos (local multiusos), comezou a súa andaina un inédito fenómeno societario, anotado na relación de sociedades da Delegación Provincial de Traballo como "Protección Mutua, Sociedad de resistencia".

Denominada a pouco como "Sociedad Protección Mutua, empresa obrera" Nas actas e coñecida popularmente como a "lancha obreira", a entidade naceu con dous obxectivos: un deles, fundamentalmente práctico, combater os abusos que exercía a empresa de lanchas Vila sobre os outros


lancheiros mugardeses, tamén a pouca calidade do servizo e os abusivos prezos da pasaxe. Porén, había outro obxectivo, este ideolóxico, nada menos que desenvolver un proxecto de autoxestión baseada na cerna da ideoloxía socialista para, transformando as relacións de produción no eido do transporte marítimo, camiñar cara un mundo novo de xustiza e igualdade.

Os socios da lancha obreira, non só veciños de Mugarbos, Meá, A Pedreira, A Redonda, Simou, tamén de Ares e Cervás, organizáronse nunha sociedade colectiva, creada para servir a "Todos los individuos de ambos sexos que necesiten el servicio diario de transporte marítimo entre Mugarbos y Ferrol". Asemade, considerándose proletarios, nas actas tratábanse como "compañeiros" e "camaradas", recollendo a do 17 de agosto do 1933 que "como obreros sienten con ansia acabar de una vez y para siempre con el régimen capitalista".

Os socios da lancha obreira, non só veciños de Mugarbos, Meá, A Pedreira, A Redonda, Simou, tamén de Ares e Cervás, organizáronse nunha sociedade colectiva, creada para servir a "Todos los individuos de ambos sexos que necesiten el servicio diario de transporte marítimo entre Mugarbos y Ferrol".

Constituída a sociedade con cotas de 1'50 pesetas e accións de 25 pesetas, alugaron a lancha de pasaxe "Florina" ao armador Ricoy (tamén socio de "Protección Mutua") embarcación que xunto a vella "Angelina" adquiriron un ano despois por 20.000 pesetas, recadadas mediante a emisión de accións, moitas delas compradas por organizacións sindicais de Mugarbos e da bisbarra ferrolá. Na súa idea da "emancipación de los especuladores", tentaron adquirir carbón directamente a unha cooperativa mineira asturiana da UGT, cousa que resultou imposible polas dificultades do transporte e almacenaxe; esta limitación do mercado deixou á lancha obreira a mercé do que dispuxera a empresa ferrolán maiorista de carbón Antón&Martin, moi ben relacionados coa "Empresa Vila".

Sufrindo constantes avarias a máquina da "Florina", sendo desastroso o aluguer





dunha embarcación d'A Graña, a finais de 1934 comezaron xestións para mercar outra embarcación. Finalmente, compraron a lancha "Ondina" ao módico prezo de 5.000 pesetas. Unha vez reparada e adecuada a embarcación á pasaxe con cámaras, bancos, "toldilla" ..., pintáronlle, significativamente, a cheminea de encarnado, bautizándoa como "*Siempre Adelante*", lancha que comezou a ruta no paso ao ano 1935.

Cunha embarcación navegando e outra de reserva, puideron baixar os prezos da pasaxe (0'30 pesetas ida e volta) e aumentaron as frecuencias horarias, facendo chamamentos con carteis nos peiraos e na prensa para que os traballadores "conscientes" (sic) usaran esas lanchas. Tamén lanzaron unha campaña de captación de socios, con éxito numérico mais pouca fortuna, pois algúns dos membros de novo ingreso deron en actitudes propias dunha patronal clásica, xerando problemas cos traballadores cenetistas da lancha obreira, que demandaban suba salarial e acusaban de explotadores aos membros da directiva.

En outubro do 1935 a outra empresa de lanchas de Mugaridos (neses intres Chirivía&Vila) pretendeu forzar un acordo sobre prezos, que "Protección Mutua" rexeitou á vez que denunciaba sabotaxes contra a lancha obreira, que máis dunha vez aparecera ao garete cos cabos cortados, culpando de tales accións piratescas á empresa que xa era só propiedade efectiva de Jeronimo Vila Cobas. Apreciando asemade "coacciones para que cerremos y favorecer así al capital", a directiva da "Empresa Obrera" achegouse para a súa defensa ao sindicato ferrolá "La Naval" (traballadores da Constructora), que pediu en abril e maio do 1936 ao alcalde Prieto Balsa que temperara tanto cos empregados da "lancha

obreira", afiliados ao Sindicato de Pescadores, como con Vila (empresa que se definía, falsamente, como "Chirivía-empresa de Trabajadores"), ámbalas dúas cousas ben difíciles e sin éxito no segundo caso.

E chegamos a un final pouco grato. A sublevación militar-fascista de xullo do 1936 cortou as negociacións, a cooperativa foi ilegalizada e o armador Vila Cobas adquiriu por dúas pesetas cincuenta e cinco céntimos a lancha obreira, que, repugnando moita pasaxe navegar nela, morreu na ribeira do Cantón de Cora, do xeito indigno que recolle outra estrofa do cantar do encabezamento e que non reproducimos.

Nos terribles e ilexítimos consellos de guerra franquistas contra os defensores da legalidade republicana a varios mugarideses apuxéronlles como agravante ter sido directivos da "Protección Mútua", outros libraron. Un deles, Andrés Martínez, secretario e/ou presidente da "lancha obrera" en 1934, 1935 e 1936, foi home de confianza de Dieste na empresa de lanchas que armou en competencia, exitosa, con Vila. ¶

Servicios Marítimos de la Ría

En el muelle de Concepción Arenal

Empresa Chirivía y Vila, a Mugaridos

Servicio cada media hora.

Primera lancha, salida de Ferrol, a las 6'45.

Última lancha, salida de Ferrol, a las 21'10.

Horario permanente, durante el año.

Precios de ida o vuelta, pesetas 0'15.

ABONOS.—Dos viajes diarios, durante un mes, pesetas 4.

La empresa posee siete lanchas.

Empresa obrera «Protección Mutua», a Mugaridos:

Primera lancha de Ferrol, a las 7.

Última lancha de Ferrol, a las 21'15.

Servicio cada media hora.

Precio de ida y vuelta, pesetas 0'30.

Hay abonos de cuatro y cinco pesetas.

Los domingos hay una lancha a las 22'30

Incendios forestais en Galicia

Causas e consecuencias



Manuel Allegue

Os incendios forestais son un grave problema da sociedade actual afectando a diferentes dimensións da mesma. Os efectos negativos sobre a ecoloxía dos montes queimados e ecosistemas contiguos son incalculables, pero non nos podemos esquecer de como afectan á economía e como provocan un enorme impacto social. Podemos concluir que a peor consecuencia dos incendios forestais é a morte de persoas. No ano 2017, en Galicia morreron catro persoas por este motivo.

¿Pero cales son as causas de que haxa tantos incendios recorrentes no noso país? Os expertos non son capaces de definir soamente unhas poucas. Defínense unha serie de factores, que varían en función da area xeográfica da que falemos. Non son as mesmas causas en zonas do interior de Ourense que na franxa costeira da provincia de Pontevedra.



Podemos diferenciar causas estruturais, as que facilitan a aparición e extensión do lume no monte, e causas próximas ou inmediatas, motivos directos de cada incendio. Ámbalas dúas están relacionadas entre si, xa que moitas veces as primeiras potencian a aparición das segundas. Por exemplo, abandono dos usos tradicionais do monte

(causa estrutural) favorece o aumento de matogueiras altamente combustibles, o que provoca aparición de lumes (causa próxima) para limpeza de camiños, acceso ás ribeiras...

CAUSAS ESTRUCTURAIAS

Dentro das características estruturais que favorecen a aparición do lume nos



montes encontramos os factores socioeconómicos e os factores ecolóxicos. Dentro dos primeiros podemos falar de:

ABANDONO DOS USOS TRADICIONAIS DO MONTE. O monte sempre foi provedor dos fogares galegos: estrume e obtención de pastos para o gando, combustible para queimar a casa e obter carbón, materias primas para

a fabricación de apeiros, carros, barcos...

Nos anos 60-70 prodúcese un abandono dos usos do monte coincidindo ca aparición do petróleo e os seus derivados para uso doméstico (abono químico, butano para cociñar, gasóleo para a calefacción...)

A **POLÍTICA FORESTAL** levada a cabo ate agora. Na segunda metade do século XX a Administración fomentou a especialización do monte para uso forestal (por exemplo, nas zonas reforestadas prohibíase o pastoreo). A madeira servía para fornecer á industria madeireira de primeira transformación, que se dedicaba á elaboración de taboleiros e pasta de papel, para o que precisaba madeira de baixa calidade, e mesmo a resultante dos incendios.

O consumo destas industrias é moi superior ao dos serradoiros e industria do moble, que demandan madeira de mellor calidade e diámetro. Isto provoca un desequilibrio na demanda de madeira, xerando un aumento na produción de madeira de baixa calidade.

Hoxe en día sábese que unha hectárea de castiñeiros de froito produce tres veces máis ganancias que a unha de eucalipto e que se a política forestal estivera enfocada á industria da segunda transformación (carpintería, mobiliario...) consumiríase menos enerxía, auga e materias primas, produciríase menos contaminación e habería máis postos de traballo e

máis valor engadido. Hoxe esta industria está fóra do país. Cataluña, Andalucía e Comunidade Valenciana, producindo moitísima menos madeira que Galicia, teñen unha industria de segunda transformación con maior peso específico que o noso País.

No ano 2016 o Goberno do Estado en funcións, prorrogou a concesión a ENCE 60 anos máis para que siga facendo pasta de papel na ría de Pontevedra. Desafortunadamente a política forestal en Galicia segue na mesma dirección que fai 60 anos.

DESPOBOAMENTO DO MEDIO RURAL e o avellentamento da súa xente. Coa perda de xente no rural e co avellentamento da que fica, dificilmente se poden facer usos alternativos do monte, prevención, plantación de masas forestais autóctonas e sobre todo evitar o uso do lume como ferramenta para a limpeza de vexetación.

NOVO MODELO DE URBANISMO, as casas no medio do monte e o monte no medio das casas. Detrás de moitos lumes no entorno das cidades existen intereses especulativos provocando a recalificación do chan ou utilizando o lume para acondicionar o terreo previamente á construción...

USO TRADICIONAL DO LUME. O lume utilizábase para renovar os pastos no monte, para eliminar restos de rozas... A utilización deste lume non tiña grandes consecuencias, dado que as queimas eran totalmente

controladas. Había que controlar os demais recursos: leña, estrume...

Dentro dos factores ecolóxicos atopamos os seguintes:

CLIMA E FACTORES METEOROLÓXICOS. As altas precipitacións anuais e temperaturas moderadas que se presentan en Galicia como valores medios, favorecen o aumento da biomasa vexetal, incrementándose así o risco de incendios. Por exemplo, en Andalucía, cunhas condicións climáticas favorables para os lumes, sofre menos incendios que Galicia.

A TOPOGRAFÍA. A configuración do terreo exerce unha destacada influencia na propagación dos incendios, nas zonas de monte en áreas montañosas, o chan presenta un relevo irregular, frecuentemente con pendentes moi pronunciadas e valgadas moi marcadas. Cando se produce un incendio o ar quente vai subindo e deseca a vexetación, adiantando así a súa ignición.

MADUREZ DOS SISTEMAS FORESTAIS. Os ecosistemas maduros (a maior parte asociados ao bosque autóctono) arden con maior dificultade, pero en Galicia son escasos debido á política



de reforestación de quen-das de corta curtos, que non favorece o incremento do grao de madureza.

A COMBUSTIBILIDADE DAS ESPECIES. Debido á política forestal desenvolvida na segunda metade do século XX, favoreceuse a plantación de madeiras de baixa calidade e de crecemento rápido como os piñeiros e os eucaliptos. Estas especies son moi ricas en resinas e produtos volátiles o que lles aporta unha alta inflamabilidade: nunha escala do 1 ao 10 os piñeiros están no nivel 6-7, os eucaliptos no 2, mentres que as frondosas caducifolias atópanse no nivel 0.

Ademais as especies de crecemento rápido, favorecen debaixo delas o desenvolvemento de especies de matos (toxos, xestas, queirugas...), que teñen un alto valor de combustibilidade. Polo contrario, as especies frondosas caducifolias crean unhas condicións de menor luminosidade no verán e de maior humidade relativa baixo delas que limitan o crecemento destes matos. Así pódese apreciar

que moitos incendios detéñense de maneira natural ao chegaren a estas fragas, que actúan de cortalumes verdes.

En varios concellos do sur da provincia de Pontevedra, como Vigo, Nigrán e Redondela logo de sufriren a vaga de lumes do outubro do 2017, os veciños decidiron protexer as seus núcleos de poboación eliminando os rebrotes de eucaliptos para logo facer unha plantación de especies frondosas caducifolias.

Esta iniciativa estase a repetir noutros concellos como Lousame, Ames, Corcubión, Cotobade... Realízanse plantacións de castiñeiros, carballos, bidueiros, abeleiras, cerdeiras e demais especies de frondosas caducifolias, no perímetro das aldeas e vilas para evitar que os incendios forestais cheguen ata a porta das vivendas.

CAUSAS PRÓXIMAS son aquelas que levan o lume directamente ao monte. Poden ser negligencias como lume descontrolado dunha queima de restrollos, unha fogueira de excursionistas...



As inundacións das vilas de Cee e Vilagarcía no 2006 son provocados polas alteracións na circulación da auga e a subida dos caudais dos ríos consecuencia dos incendios.

outras causas como raios, ferrocarril, fogos de festas..., ou claramente intencionado, un 90% dos incendios é debido a esta causa.

Detrás de esta intencionalidade poden estar diversos factores como queimas de restollos e residuos agrícolas, para favorecer pastos para o gando, para a limpeza de maleza en camiños, leiras particulares, para afastar o lobo, porco bravo, cobras, para favorecer o incremento de certas especies cinexéticas...

Tamén poden haber incendios para provocar a baixada de prezos da madeira, por conflitos veciñais, para a limpeza de montes, para despistar as forzas de orde pública e realizar operacións de contrabando, por motivación política, para recualificar o solo queimado, para limpalo acceso á ribeira para ir pescar, para favorecer os negocios da reforestación...

Os motivos son variados e diferentes en función da área xeográfica dentro do País, polo que é moi difícil establecer soamente unhas poucas causas que definan

a motivación dos incendios.

EFFECTOS ECOLÓXICOS DOS INCENDIOS

Os incendios teñen un impacto brutal nos ecosistemas, afectando tanto á comunidade viva (animais, vexetais, fungos) como ao medio físico (solo, auga, atmosfera...).

Este impacto depende de varios factores como a estación anual na que se producen, en primavera o monte recupérase mellor que en inverno. A intensidade do lume que está directamente relacionada co tipo de combustible, velocidade do vento e topografía. Falamos de incendios suaves cando non pasan de 200 °C e de incendios intensos cando acadan temperaturas de máis de 500 °C. E por último, da frecuencia e amplitude dos incendios, dado que canto maior sexan, acélanse os procesos destrutivos no solo e no monte, impedindo que o monte alcance estados avanzados de madurez, alterando o microclima e os

recursos hídricos locais e que a fauna recolonice os seus antigos nichos.

Na maioría dos incendios intensos os 7 centímetros do solo están sometidos a altas temperaturas. Deste xeito vemos como o solo actúa como forte amortecedor da temperatura sufrindo así, cambios drásticos na súa estrutura e composición

A **EROSIÓN** é un dos efectos negativos máis salientables dos incendios. Depende de varios factores como a pendente, o potencial erosivo da chuvia, a cuberta vexetal existente e as características fisicoquímicas específicas dos solo.

Para a formación dun solo ben profundo mediante procesos naturais, onde se poida desenvolver un ecosistema forestal maduro, precisanse milleiros de anos sen alteracións. Os montes que sofren recurrentemente incendios forestais, sofren un proceso de desertización dificilmente reversible.


Debemos falar da contaminación que sofren outros ecosistemas como sistemas fluviais, lacustres e

mariños como consecuencia do arrastre do material forestal. É moi frecuente que os bancos marisqueiros se vexan afectados pola acumulación de residuos forestais que provocan a morte do marisco por falta de oxíxeno.

Os cambios producidos polo incendio producen alteracións na circulación da auga no ecosistema: Diminúe a cantidade de auga retida pola vexetación, a porosidade do solo é menor pola rotura de agregados baixando a súa capacidade para reter auga. Como consecuencia de estas dúas causas se incrementa a repelencia á auga por parte do solo, aumentando a cantidade de auga que circula pola superficie.

Estes cambios nos recursos hídricos reflíctense na dinámica dos ríos, producindo unha subida do seus caudais, nos períodos de chuvias seguintes aos incendios e provocando asolagamentos e inundacións. Exemplos foron as inundacións que padeceron as vilas de Cee e Vilagarcía no ano 2006

Outra consecuencia é o aumento da sedimentación de materiais arrastrados pola chuvia nas canles dos ríos e da desembocadura destes, ocasionando un aumento da turbidez da auga e diminuíndo a cantidade de osíxeno disolto. Isto provoca



o aumento da mortalidade de fauna acuícola e mariña.

Temos que mencionar tamén os efectos que provocan os incendios na atmosfera e como contribúen ao cambio climático. Libéranse diferentes compostos

Os materiais arrastrados pola chuvia nas canles dos ríos e a súa desembocadura diminúen o osíxeno e aumentan a mortalidade da fauna acuícola e mariña.

químicos como dióxido de carbono, dióxido de xofre, hidrocarburos, dióxido de nitróxeno... así como partículas de carbón e cinzas. Sen esquecermos que os incendios non só potencian o efecto invernadoiro senón que destrúen un subideiro de CO₂, que os vexetais utilizan para realizar a fotosíntese.

Os incendios teñen como consecuencia unha gran mortalidade na fauna do monte, que vai depender da mobilidade que teñan os animais. As aves e grandes mamíferos van poder fuxir máis sinxelamente que réptiles, anfibios, pequenos mamíferos... Estes últimos so lles queda buscar tobos, galerías no chan, ocos entre as pedras..., para poder sobrevivir ás lapas.

Outra consecuencia é a destrución dos recursos (hídricos, nutricionais...) como dos hábitats. Moitas especies que resistiron o lume ven moi difícil a súa supervivencia debido a inexistencia

de alimento e lugar onde vivir (árbores, arbustos, matos...) e teñen que iniciar unha peregrinación cara outros lugares non queimados. Peregrinación que moitas veces non chegan a completar pola extensión da zona queimada.

A flora edáfica vese moi afectada. Os incendios intensos poden producir unha esterilización do solo. As bacterias son máis resistentes que os fungos e tamén a súa actividade recupérase máis rapidamente nos terreos incendiados. Estes organismos son de vital importancia para a recuperación da fertilidade do solo. Son os que poñen a disposición dos vexetais, os produtos finais (nutrientes) da descomposición da materia orgánica.

EFFECTOS ECONÓMICOS DOS INCENDIOS

O efecto económico negativo ven dado pola perda de

Os incendios teñen como consecuencia unha gran mortalidade na fauna do monte. As aves e grandes mamíferos van poder fuxir máis sinxelamente que réptiles, anfibios e pequenos mamíferos.

valor da madeira queimada e pola destrución de parte da mesma, que non pode ser posta no mercado. Son perdas millonarias, sófrenas fundamentalmente os produtores, e algunhas industrias, como serradoiros, que demandan madeira de maior calidade e diámetros grandes, en cambio a industria de tableiros e celulosa ve garantido igualmente o seu abastecemento.

Non nos podemos esquecer do gasto que ten a Administración na loita contra os incendios, gastos



Moitas especies que resistiron o lume ven moi difícil a súa supervivencia debido a inexistencia de alimento e lugar onde vivir.



en investigación e vixilancia... Falamos de centos de millóns de euros anuais.

EFFECTOS SOCIOLÓXICOS DOS INCENDIOS

A consecuencia máis negativa dos incendios é a morte de persoas, que se produce, tanto nos labores de extinción como entre persoas que son sorprendidas e atrapadas polo avance do incendio.

En Galicia, dado a dispersión poblacional e ao avance das reforesta-

cións, que chegan ao pé das casas, cada vez é máis frecuente que o fogo rodee as vivendas e explotacións agrarias. Isto ademais das perdas económicas, produce trastornos ás persoas, que destinan numerosas horas á extinción e ao control do incendio, para evitar posibles desgrazas. E fan todo isto en condicións de gran tensión e cun equipamento sumamente precario.

Ademais a perda de biodiversidade, perda de madurez no ecosistema, o incremento da contamina-

ción atmosférica, o aumento da erosión, a irregularidade dos caudais dos ríos, as inundacións, perdas paisaxísticas, perdas das posibilidades recreativas e didácticas do bosque... inciden directamente nas nosas vidas e no noso estado moral, provocando un enorme impacto social.



VOLUNTARIADO E EDUCACIÓN AMBIENTAL

Afortunadamente a sociedade está tomando conciencia do grave problema que representan os incendios forestais. Como nomeamos antes, grupos de persoas con conciencia ambiental, solidaria e altruista estanse organizando para desenvolver tarefas de voluntariado ambiental contra os incendios forestais.

As tarefas que se desenvolven poden ser reparadoras ou preventivas. As primeiras baséanse en frear a erosión nos montes queimados, salvar a fauna afectada e incentivalo regreso da macrofauna, sementar herbáceas autóctonas que sosteñan o solo, plantar especies autóctonas frondosas caducifolias...

Na prevención pódese traballar na vixilancia de incendios forestais complementando os dispositivos de vixilancia profesionais, deseucaliptar a maior superficie posible para logo constituir rodais de especies que actuarán como cortalumes verdes, loitar contra as especies vexetais exóticas invasoras...

Todas estas accións voluntarias están sempre acompañadas dunha forte com-

poñente de educación ambiental para que os participantes, onde nunca deben faltar os máis pequenos, tomen conciencia das problemáticas ambientais existentes e se convirtan en divulgadores das mesmas e das súas solucións.

Na área de influencia de Mugarodos hai varias organizacións que desenvolven e coordinan voluntariado ambiental. ADEGA ou *Verdegaia* son algunhas delas, aínda que me gustaría destacar a *Betula*, *Bosque Atlántico* e *Fragas do Mandeo*. Son entidades de custodia do territorio que se comprometen a recuperar e conservar o bosque autóctono no seu estado máis natural posible mediante a compra ou cesión de parcelas de particulares ou da administración.

Como conclusión final podemos dicir que os incendios forestais son un gran problema ambiental de actualidade, con numerosas causas e nefastas consecuencias ambientais económicas e sociais, ao que a sociedade ten que botarlle un pulso, que non debe perder se non quere deixarlles ás novas xeracións un País aínda máis empobrecido. ¶

O Seixo na Música e a Música no Seixo



Jorge Gómez


No Seixo nunca houbo tradición musical, se por iso entendemos a existencia de corais, rondallas, orquestras, músicos, etc., pero si houbo unha relación do Seixo en certas cancións, e certas cancións tiveron moita relación con este porto da ría de Ferrol.

A principios do século XX había no Seixo algunhas mulleres que sabían música, e posiblemente soubesen tocar o piano. Temos o caso de Rosario Alvariño Vizoso, a quen no ano 1908, a súa amiga Carmucha Fraga, mándalle copia dunha partitura, o que nos dá a entender que sabía música. Que eu lembre, outras mulleres que sabían música e tocar o piano foron a nai de Bello Piñeiro, Dolores Piñeiro, e máis tarde Carmen Sixto. Supoño que dada a existencia no Seixo dalgunhas familias acomodadas, algunha máis sabería música.

A finais do século XIX chega ao Seixo a canción máis representativa deste pobo, refírome a "O Trévole", canción de orixe po-

pular asturiano ou leonés, que se cantaba na noite de San Xoán ao redor das fogueiras. Con todo "O Trévole" no Seixo bailábase o día da festa, e en fila percorríase e percórrese o Seixo, desde a costa da igrexa ate o peirao.

A forma deste baile como se fai aquí, faime pensar que chegou da man de



No 1908 Carmucha Fraga mándalle copia a Rosario Alvariño desta partitura, o que nos dá a entender que sabía música.

A finais do século XIX chega ao Seixo a canción máis representativa deste pobo, refirome a "O Trévole", canción de orixe popular asturiano ou leonés, que se cantaba na noite de San Xoán ao redor das fogueiras.

Fernando Villaamil, que residiu nesta vila a finais do século XIX. Villaamil, é natural de Castropol (Asturias) da parroquia de Serantes, e nesta parroquia "O Trévole" báilase tamén en fila por todo o pobo, segundo información recollida por Uxía Oña.

Teremos que situarnos nos anos vinte e sete ao trinta e catro para atoparnos coa época máis importante da música no Seixo e o Seixo na música.

Nesta época e da man da Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega aparecen uns grupos de mozos que actuaban nos entreactos das representacións teatrais cantando pequenas pezas musicais, algunhas delas relacionadas co Seixo. Para mín, a máis importante foi "A festa do Seixo"

(Rosalía de Castro). Tiñan outras como eran "As Espigadoras", ou as "Baldomeras" (obras de Zarzuela) e "O Can" (Lugrís). Destas actuacións aparecen numerosas referencias na prensa da época. Segundo fontes orais, unha das mozas que mellor cantaba era Juana Menéndez.

A festa do Seixo é a musicalización da poesía de Rosalía de Castro, (si a vernos Marica nantronte viñeras á festa do Seixo na veira do mar), esta canción xa fora interpretada polo tenor de Neda, Sr. Area, con música de Prudencia Piñeiro, que era organista de San Francisco, e máis recentemente polo cantautor pontevedrés Luís Emilio Batallán.

No ano trinta e cinco a Sociedade Irmandade da Paisaxe Galega, escindida da

No ano 27 temos existencia dunha comparsa de entroido chamada "Os Ases da Moda".





"As Espigadoras" era unha das pequenas pezas musicais que se interpretaban nos entreactos teatrais. Na foto, de pé: Pilar Barros, Florita Calazas, Fany Bouza, Charo Vila; agachadas: Maruca Lorenzo, Teruca Bouza e Carmucha Campos.

Piñeiros

Beiramar
Marcha sobre temas Gallegos
 Dedicada al insigne Pintor Gallego el ilustre Ferrero
 a D. Felipe Bello Piñeiro...
 El autor
 Musica de C. J. Rojas.

Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, pon en escena un espectáculo de cante e baile titulado, o Biombo Chinés.

Desta época son tamén as cancións adicadas a lugares emblemáticos do Seixo. Titúlase "Beiramar" a canción escrita por Ciriaco Juez Rojas e adicada a Bello Piñeiro.

Ciriaco Juez Rojas, foi director na Banda do Terzo Norte, nos anos trinta e corenta, e máis tarde da banda de música da Escola Naval de Marín. Outra canción desta época escrita por M. Yáñez, autor para min descoñecido, é "Everest", adicada a un grupo deportivo do Seixo, que oficialmente nunca existiu. No ano vinte e sete temos existencia dunha comparsa de entroido chamada "Os Ases da Moda". Existe tamén e con relación a un terrible suceso ocorrido



"Las Baldomeras" eran Leocadia Martínez, Teruca Bouza, Maruca Lorenzo, Carmucha Campos; sentadas: Chelo Liceti, Filucha Brage e Beba Penedo.

no Seixo, unha canción que podería considerarse de cegos, cuxo título é "Horroroso Crime", que narra o asasinato dun home a mans da súa muller e do seu fillo.

Hai outras cancións moi populares como son "El Sonajero", Ciprián González, ou a adicada a Villaamil, da que fala o profesor Bernardo Máiz no seu libro sobre O Seixo.

Este pequeno artigo forma parte dun traballo máis extenso realizado coa colaboración de Uxía Oña e que, en calquera momento verá a luz. ¶

M. Yáñez foi autor da canción "Everest", adicada a un grupo deportivo do Seixo que, oficialmente, nunca existiu.





Margarida Corral

Este é o artigo dunha ninguén. O desafoego dunha militante feminista do cotiá

Calquera diría que as redes sociais foron creadas para queixarse. Un espazo onde facer catarse e onde desafoegar e botar para fóra todo o que non somos quen de dicir en persoa. Unha especie de purificación ritual que permite, tras o desafoego dos sentimentos, tirar cara adiante como se así marcharan as impurezas. Isto xera un sentimento explosivo no que moreas de usuarias e usuarios das redes sociais seguen un fío en cuestión de horas, logo das cales todo volve á calma e ninguén move un dedo para corrixir as situacións que deron lugar á indignación.

Eu non estou libre desta dinámica. Non fun nunca das que calei. Aínda que os anos fan que pense e medite un chisco o que sae pola boca, recoñezo que son das persoas que verbalizo o que sinto. Así o fago nos cafés con amigas, nas asembleas militantes, nos xantares familiares, no mercado ou nas reunións da ANPA. Amólame o silencio. Moito máis a complicidade. Éntrame o formigo cando escoito ou leo comentarios que me parecen inxustos, aínda máis cando son insultantes.

Recoñezo que ás veces incomodo á xente. Porque se me coñecen saben que vou intervir.

Mais no caso das redes sociais, resultame imposíbel. Son tantos os debates abertos, a meirande parte cheos de reproches, culpabilidades ou mesmo ofensas que desboto a réplica. Non gosto da meirande parte das mensaxes e publicacións que leo, mais é responsabilidade de cada quen facelo en vivo e en directo, ou facelo premendo no teclado. Non o cuestiono. Mais si parece cuestionábel para algunhas persoas o feito de que eu publique no meu taboleiro informacións "sempre no mesmo sentido", "por que sempre publicas cousas de mulleres?", "sempre andas a voltas co feminicidio, xa cansa!". E isto rematou de fartarme. Amólame comprobar o peso que teñen algúns comentarios e artigos de opinión, e o escaso percorrido que teñen outros. Até nisto hai clases.

Pois ben, este é o artigo dunha ninguén. Vaia por diante que só pretende ser o que é: o desafoego dunha militante feminista do cotiá. Feito desde a fatiga, desde a carraxe, o esgotamento, o aburrimiento e o noxo.

Porque vou moi farta xa das excusas. Da negación da realidade. Do oportunismo. Para o feminismo nunca é o momento. Sempre

son outras as prioridades. Porque estou aborrecida de estar sempre en alerta. De cuestionalo todo. Farta de comprobar que desconectan canto tomo o palabra. Chea de ser a feminista pesada. Aborrecida de que me dean a razón para poder pasar axiña a outro tema. Cansa de que haxa sempre outras prioridades antes que as nosas reivindicacións. De que se negue o feminicidio: o asasinato de mulleres polo mero feito de selo. Unha problemática que debe ser dunha vez abordada como



unha cuestión de estado. E moi farta de que se nos pregunte por que insistimos tanto co feminismo. Como se a igualdade non fose unha conquista pendente senón unha realidade.

Non lembro cando tomei consciencia de que era feminista. Pode que fose na infancia. Debía ter seis ou oito anos. Un cura pediume que me puxera a chaqueta, que non podía estar na igrexa cos brazos espidos, e que debía sentarme pechando as pernas. Non entendía porque se me pedía iso

a min, cando os nenos estaban "escarranchados" no banco e lucían camisetas de manga máis curta que a miña.

Durante anos botei a meirande parte dos xantares familiares castigada por cuestionar as súas verdades absolutas sobre o contributo das mulleres. Que se non existían mulleres científicas, que se non se coñecían descubrimentos de mulleres na medicina, que se as mulleres non estábamos feitas para o traballo físico, que sei eu cantos temas xurdían da nada con explicacións pseudocientíficas, que xa daquela me incomodaban. Foron moitos os castigos por "falar de máis". Por "interromper aos maiores". Por berrar e por discutir afervoadamente. Creo que foi aí cando decidín que era feminista. Cando comecei a cuestionar todos os seus privilexios e a demandar o meu espazo –o de todas– no seu mundo.

A adolescencia supuxo asumir que en calquera momento, polo mero feito de ser muller podía ser agredida sexualmente. Foron incontábeis as veces que me atopei con homes moi maiores, na praia, nun camiño, facendo exhibicionismo. Que fun acosada verbalmente, recibindo comentarios de descoñecidos sobre o meu físico, respecto das súas fantasías sexuais e

o que lles gustaría facer co meu corpo. Cantas veces tiven medo percorrendo pola noite algún treito soa, cantas foron as veces que evitei ir por algún camiño, que cambiei de beirarrúa, que sentei noutro asento no autobús. Cantas veces tiven que escoitar aquilo de: "frixida", "guarra", "quentapirolas", "fea" ante unha negativa ou por reprender a descoñecidos que me tocaban o cu, que invadían o meu espazo rozando o meu corpo, por cuestionar actitudes ou por increpalos logo de que empregaran determinados adxectivos para definir a compañeiras. Coido que foi aí cando entendín que era feminista.

Ou igual foi a base de escoitar aquilo de: "non te poñas histérica", "non sexas bruta", "mal falada", "mandona", "marimacho". Da morea de veces que escoitei: "se che vai pasar o arroz", "e os fillos para cando?", "teu compañeiro é un bendito, con ese carácter que tes non sei como te atura". Das veces que lin nos foros que "son unha "trepá", "algo faría para estar onde está", "non é máis cunha cota". Por todas as veces que escoitei "muller ao volante perigo constante", "tiran máis dúas tetas", "muller tiñas que ser", "es un pouco puta", "filla de puta", "feminazi", "hembrista"...

Mesmo por todas as veces que escoitei iso de

"eu non son feminista, son humanista", "hoxe en día hai igualdade", "eu nunca me sentín discriminada", "as mulleres son as peores inimigas das mulleres" ou "eu non son machista, mais...". Porque cando preguntan por que me considero feminista, non é raro que lles pique a curiosidade por saber se son lesbiana, se estou casada, se me depilo, se estou a favor dos tacóns ou do zapato plano, se me maquillo, cal é motivo de levar o pelo curto ou longo, se lle din a teta ás fillas ou se optei polo biberón, se son partidaria de durmir coas crianzas ou de por en práctica o método Estivill, se levei ás nenas a unha escola infantil, se estou a favor das vacinas, ...por todas as veces que me fixeron esas preguntas "porque as feministas están a favor -ou en contra- desas cousas, non?"

Puido ser que tomara consciencia cando me

quedei embarazada por vez primeira e souben que ía ser unha nena, ou cando preñada de xemelgas, souben que ambas eran tamén mulleres. Cando fun vítima de violencia obstétrica. En cada consulta xinecolóxica, antes e despois de estar embarazada. Por cada decisión que tomaron por min sen consultarme. Por separarme á forza das miñas fillas durante dúas semanas nada máis nacer. Por impedirme visitalas cando eu quería. Por impedirlle ao seu pai e á miña outra filla ter un vínculo coas súas irmás nada máis nacer. Por darlle máis valor a un protocolo médico que ao sentimento e decisión dunha muller. Pola tutelaxe do sistema médico, xudicial, político, eclesiástico, patriarcal.

Coido que me fixen feminista o día que obriguei á entidade bancaria a pedir desculpas por empregar o xénero da persoa como cri-

terio que determine a quen se lle dirixen as comunicacións, ou que identifique á persoa titular da conta. O día que chamaron preguntando pola señora da casa para venderlle un electrodoméstico. Pola multitude de veces que obviaron a miña presenza dando as explicacións sobre o problema mecánico ao compañeiro masculino que me acompañaba, pese a ser eu a que levaba o coche ao taller.

Por todas as veces que me preguntaron se é para unha nena ou para un neno a envoltura dun agasallo. Pola estratificación rosa/azul da roupa infantil e dos xoguetes, polas actividades extraescolares dirixidas a un xénero determinado. Por todas as veces que fartei de escoitar a escusa da economía lingüística para invisibilizar na linguaxe á máis da metade do xénero humano. Por todas as circulares, documentos oficiais que veñen



en masculino universal e volven corrixidos.

Polas innumerábeis veces que cuestiono o contido das películas infantís e mesmo adultas, dos anuncios televisivos, videoclip, series, actuacións teatrais, videoxogos, pola posta en escena de boa parte das coreografías infantís... Porque son poucas as referentes e demasiadas as cousificadas, estereotipadas e sexistas.

Ou tamén pode que me fixera feminista logo de ver como moitos empresarios dan a carreira profesional das mulleres por morta en canto estas deciden ter unha crianza, pedir unha redución de xornada ou unha excedencia por coidado. Por todos aqueles que non contratan mulleres de máis de trinta anos, non vaia ser que se lles ocorra quedarse embarazadas. Por todas as veces que comparo a ledicia que supón que un compañeiro de traballo vaia ser pai,

fronte ao problemático que vai ser para outra compañeira ser nai.

Por todas as mulleres silenciadas ao longo da historia. Por aquelas ás que lle arrebataron o froito do seu traballo. Polas labregas, redeiras, mariscadoras, obreiras, traballadoras dentro e fóra do fogar, sustentadoras da economía do noso país. Polas anónimas. Polas que fixeron as cantigas de amigo. Por todas as grandes obras escritas por mulleres na literatura galega e universal que nunca formaron parte das lecturas recomendadas na escola.

Por Rosalía de Castro, voceira das sen voz, transgresora feminista na sombra, reducida polo patriarcado a unha escritora melancólica, e á que se lle debe o recoñecemento como a primeira feminista da nación galega e unha pioneira na literatura do noso país do novo para-

digma literario feminino, un referente no que mirarnos.w

Polas mulleres violadas e usadas como botín de guerra. Por todas as mulleres cousificadas nos anuncios televisivos. Por todas aquelas asasinadas por mor da violencia machista mais que para algúns medios de comunicación "morreron acoiteladas", ou "tras caer dun 3º piso".

Por todas ás que insultan por non ter un físico ou unha estética acorde co heteropatriarcado. Polas que loitaron até conseguir o voto. Polas que -fouce en man- erguéronse contra quen pretendía eliminar o seu medio de subsistencia. Polas que sofren acoso sexual no traballo. Polas que cobran menos que un home polo mesmo traballo. Por todas aquelas que loitan pola diversidade sexual. Polas feministas do cotiá, que nun momento dado cuestionan o seu mundo e esixen o seu espazo. Por todas aquelas que esquecin nomear.

E non. Realmente non me fixen feminista por elas. Fíxeno por min. A pregunta non é por que insisto en visibilizar o contributo das mulleres nas redes. A pregunta non é por que son feminista. A cuestión é: como é posíbel neste mundo non selo. ¶



Batucada feminista convocada en Vigo o 4 de marzo do 2018, en vésperas da folga feminista do 8M. Foto: Margarida Corral.

Casino Progreso de Franza



Lois Rico

Rematando a década dos anos vinte do pasado século cantábanse nos currunchos da Vila de Mugarodos, a capital, unhas coplas cun retrouso que dicía así:

“Unos mangantes más que tunantes que hay en la casa consistorial han cometido una cacicada de esas de marca fenomenal, pues abusando de tanto mal nos llevaron una escuela para la aldea de Franza y en este pueblo no queda ni siquiera una esperanza...”



R espondían estes ciumes ao cabreo xeneralizado entre a poboación da Vila por lles levar o grupo escolar para Franza, parroquia onde residían os concelleiros aludidos cuxos votos serían determinantes para decidir a ubicación da Escola.

De calquera maneira, foi Pancho Vizoso quen coa doazón dun terreo da súa propiedade conseguiu definitivamente que a aldea de Franza inaugurase no ano 1929 o flamante grupo escolar no lugar daquela chamado Chousa de Morteirado. Hoxe ese tramo da estrada da Palma coñécese oficialmente como Avenida de Francisco Vizoso Cancela, en recoñecemento ao desinteresado donativo do soar para a construción da Escola.

Foi Pancho Vizoso quen, coa doazón dun terreo da súa propiedade, conseguiu definitivamente que a aldea de Franza inaugurase no ano 1929 o flamante grupo escolar no lugar daquela chamado Chousa de Morteirado.

Foron eses mesmos persoeiros cunha fortuna persoal amasada na meirande parte dos casos alén do mar, e mesmo preocupados non só pola educación das crianzas senón tamén pola formación integral de mozos e adultos nos eidos social e cultural, os que conseguiron levantar o que chamamos con fachenda Casino Progreso de Franza.

Foran eses "mangantes máis que tунantes" os que uns anos antes conseguirán aglutinar a media parroquia para poñer a primeira pedra do que ía ser a Sociedade cultural e recreativa, tal como consta na acta fundacional de 1 maio 1927. Nela figuran os nomes dos socios fundadores.

Si, eses foron os homes e mulleres, si, mulleres, artifices todos. Hai 91 anos xa había mulleres nesa sociedade eminentemente patriarcal. Evidente que non cubría o cupo de xénero esixido hoxe pero non había queixa.

A obra do casino, aínda que dirixida pola elite con máis recursos, foi, sen dúbida, un traballo colectivo no que estiveron implicados un significativo número de veciños da parroquia. A moitos deles supú-

xolles un grande esforzo aportar naqueles tempos 250 pesetas que era o importe de cada unha das accións emitidas para chegar as 29.000 Pts. que custou a construción do edificio.


Así atopámonos con accionistas de toda clase e condición: mariñeiros, labregos, carpinteiros, albaneis... Hai familias que aínda conservan hoxe esa participación ou paquete delas que tanto traballo lles custara adquirir.

É obvio que unha entidade como esta non ía estar desvinculada dos avatares socio políticos que sacudiron o país e, nomeadamente, esta comarca nun período (1927 até 1939) que tivo de todo menos tranquilidade.

Son, para esta Sociedade, os tempos de asentamento e consolidación. A súa actividade habitual estaría centrada nos bailes de sociedade e, para os máis privilexiados que sabían ler, unha biblioteca que doaran algúns dos fundadores.

Malia que a Sociedade como tal era politicamente neutral e pese a que moitos dos seus directivos e fundadores eran xente conservadora, non foi óbice para

Velaqui a acta de constitución referida, do 1930.





1. Os Cicutas (Entroido do 1973).
2. Baile infantil de disfraces (Entroido do 1976).
3. Grupo de teatro do casino.
4. Equipo de fútbol feminino.

que no período previo ao golpe de 1936 se bordaran no seu local bandeiras republicanas. Non sei se isto non sería o xerme dun obradoiro das manualidades actuais.

DE 1940 ATÉ 1975

Durante toda esta "longa noite de pedra", que dixo Celso Emilio, a vida dos veciños de Franxa, a maioría socios e socias do seu Casino, no que respecta aos seus roles sociais xiraba arredor de dúas clases de eventos:

Por unha banda os bailes de sociedade que se celebraban con moita frecuencia e neles as mozas lucían as súas mellores galas para "conquistar" (así chamaban daquela ao "ligar"). E, arriba, no galiñeiro, nas galerías da parte alta do salón, as avoas, tías, nais, viúvas, vixiantes, inquisidoras, celosas, en fin, da castidade da súas pupilas. Destacaban os bailes das flores, do "farolillo" e, na última etapa, os do antroido. Desta época hai que salientar os bailes infantís de disfraces, espectaculares polo descenso de milleiros de globos, e masivos. (foto dos cicutas 1972 e infantil de disfraces) En todos eles a afluencia de forasteiros era moi numerosa xa que as rapazas da localidade tiñan sona —e realmente así era— de seren agraciadas e simpáticas.



Nos bailes da sociedade as mozas lucían as súas mellores galas para "conquistar". E arriba, no galiñeiro, as avoas, nais, viúvas, vixiantes, inquisidoras, celosas, en fin, da castidade das súas pupilas.



E pola outra, nas décadas 40, 50 e 60 do pasado século a veciñanza da parroquia e arredores enchían o salón do casino para gozar das representacións teatrais que lles ofrecía un selecto elenco de actrices e actores nativos. As estreas ían dende obras infantís como *Branca Neves*, *Hansel e Gretel*, dirixidas por Luisita Ríos ata as comedias e dramas como "*La locura de don Juan*", "*Préstame tu suegra*" ou "*Don Juan Tenorio*" leva-

das adiante pola tenacidade e o entusiasmo de Gonzalo Beceiro que contaxiaba a unhas actrices e actores en cernes. Entre eles encontramos a Pedrucho, José Pedro Pérez Bouza, poeta local, homenaxeado recentemente e pouco antes de falecer no local social, nun emotivo acto organizado por Apelón Educación ao que asistiron algunhas das actrices e actores que aparecen na foto.

Nos primeiros anos 70 do pasado século créase ao abeiro da Sociedade o equipo de fútbol feminino. Na súa efémera pero intensa existencia colectaron importantes trofeos conservados nas vitrinas do Casino. Para conquistalos tivéronse que medir as xogadoras do Eume, Ferrándiz, O Seixo...

E por esas datas, década dos 60, era masiva a afluencia de xente de toda a comarca que acudía a degustar as tapas e viños os domingos a mediodía, na cantina situada detrás do escenario e rexentada por Solares.

Non podemos esquecer as excursións organizadas pola Sociedade a distintos puntos do país: Rías Baixas, Festa viquinga de Catoira, Compostela, Ourense, Lugo polo San Froilán, etc. Hai que ter en conta que, nesas datas, os turismos particulares eran escasos e das clases con máis recursos. O autobús era a única posibilidade que a xente do común tiña para coñecer mundo e participar en festas e romaxes lonxe da súa casa.

DE 1976 ATA HOXE

Se xa dende os seus comezos o Casino Progreso de Franza funcionou como motor de reactivación das manifestacións sociais e culturais máis importantes da península de Bezoucos, neste período de transición da ditadura á democracia no Estado a acti-

vidade desta Entidade non ía ser menos.

A pesar dos innumerábeis atrancos impostos pola burocracia franquista celebráronse nela *Xornadas de Cantiga Galega*, actuaron grupos de teatro como *Candea* de Noia ou a *Auriense* de Ourense, significados polo seu compromiso reivindicativo. Fuxan os Ventos fixo neste local unha das súas primeiras actuacións. O mago e ventrílocuo Antón López Rivas era ben noviño cando presentou no Casino ao seu boneco Facundo, nunha actuación memorable.

Fuxan os Ventos fixo neste local unha das súas primeiras actuacións

Conseguir daquela o permiso gubernativo non che era moco de pavo: as letras das cancións que se ían cantar debían estar visadas polo Ministerio de Información e Turismo, aínda sendo poemas editados en Hespaña. Así, por exemplo, denegaron o "*Himno de Acción Gallega*" de Ramón Cabanillas,

Antes de ser escravos,
irmáns, irmáns gallegos!
que corra a sangue a regos
dende a montana ó mar.

a de Celso Emilio Ferreiro, de "*Deitado fronte ao mar...*"

Lingoa proletaria do meu pobo
eu fáloa porque sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña

despois dun mes de ensaio por parte dunha nena de oitavo de EXB que ía declamala a modo de presentación da *I Xornada da Cantiga Galega*.

En resumo, eses primeiros anos da "transición á democracia" significaron ao



Coral Polifónica do Casino Progreso de Franza, presentada no 1993.



Casino Progreso de Franza xunto coa parroquia de Santa Mariña do Vilar, como un referente en toda a comarca das ansias de liberdade reflectida nunha forma de entender a cultura que nos fora negada durante os últimos corenta anos.

Chegaron logo os tempos dunha reforma interior do local social, respectando, mais non sempre, os elementos importantes e tradicionais do edificio: estrutura externa, os balcóns da parte superior, pero gañando espazo para oficinas, biblioteca, diversos obradoiros que se veñen desenvolvendo nel, e lugar de ensaio para a Coral Polifónica do Casino Progreso de Franza que debuta diante do seu público o 30 de decembro de 1993. Son xa vinte e cinco anos de éxitos tanto na casa como en moi diversos puntos do País.

Nesta época intensifícase a práctica do deporte da chave, tradicional e moi arraigado na nosa xente. Contabamos con equipo

do Casino que participou en campionatos e liga comarcal de chave.

A actividade do Casino continúa manifestándose a cotío nos ámbitos lúdicos, do lecer, da cultura...

Concorridas e animadas por veciñas e veciños non só de Franza senón de toda a comarca adoitan seren as ceas baile que periodicamente se celebran no salón que, mesmo a diario e pola tardiña, convértese en punto de reunión, conversa e xogo de grande parte da veciñanza.

Seguimos, xa que logo, a manter o espírito que hai noventa e pico de anos lle quixeron enxertar os Francisco Pérez Barcia, Fernando Sanjuán, Estanislao, Pancho Vizoso, Bouza, e Filomena, Felicitas, Pilar, Vicente... porque para eles "A Cultura enxendra Pograma e sen ela non se lle pode esixir aos pobos ningunha conduta moral" en palabras de José Vasconcelos, pensador e escritor mexicano. ¶

O interior do Casino Progreso na actualidade. Foto: L. Penin.



Os **edificios das bibliotecas** públicas desempeñan un papel moi importante nas prestacións que dispensan. Deben estar deseñados de modo que reflectan as funcións do servizo de bibliotecas, ser **accesibles** a todas as persoas da comunidade e o suficientemente flexibles como para adaptarse a servizos novos e a cambios nos xa existentes. Teñen que estar situados **preto doutros lugares de actividades** da comunidade, como tendas e centros culturais. Cando sexa posible, tamén deben estar dispoñibles para **outros usos**, como **reunións ou exposicións** e, no caso de edificios de maior tamaño, para representacións teatrais, musicais, audiovisuais e de medios de comunicación. Unha boa utilización da biblioteca pública achegará unha contribución significativa á vitalidade dunha área urbana e será un **centro social e de aprendizaxe** e un **lugar de encontro** importante, en particular nas zonas rurais cuxa poboación está espallada. Por tanto, os bibliotecarios deben coidar de que os edificios se utilicen e xestionen eficazmente para facer o mellor uso posible das instalacións en beneficio de toda a comunidade.

A biblioteca pública, para cumprir as súas funcións de forma satisfactoria, debe posuír **recursos apropiados**, non só á súa creación, senón tamén con continuidade, para que poida soste e mellorar servizos que cubran as necesidades da comunidade local. É dicir, que debe facilitar **materiais en todos os formatos**, actualizados periodicamente para satisfacer así as necesidades cambiantes de grupos e persoas, con publicacións recentes e de reposto.

Así mesmo, debe dispor dunha **cantidade adecuada de persoal** formado adecuadamente e dun financiamento que permita realizar calquera tipo de prestación de servizos que se necesite para desempeñar o seu papel esencial na comunidade.

Directrices IFLA/UNESCO para o desenrolo do servizo de bibliotecas públicas

(Directrices 1.11 Os edificios e 1.12 Recursos)



Rede do
Patrimonio
Cultural



Concello de
Mugardos



Deputación
DA CORUÑA



www.facebook.com/apeloneduccion



[@ApelonEducacion](https://twitter.com/ApelonEducacion)



apeloneduccion@gmail.com



<https://apeloneduccion.wordpress.com>